Prácticas de laboratorio	- O profesor realizará un seguimento do traballo experimental realizado polo alumno nas sesións de laboratorio correspondentes á determinación de propiedades químicas, calorimetría, equilibrio químico e cinética química mediante observación, cuestionarios, tarefas e/ou o caderno de laboratorio.	20	A2	B2	C25 C26 C27 C28 C29	D2 D3
	- Dado que é unha materia de tipo experimental, a ASISTENCIA ás sesións de laboratorio é OBRIGATORIA.					
Práctica de laboratorio	Realizaranse dúas probas prácticas de laboratorio para avaliar as competencias e habilidades adquiridas polo alumno.	30	A2	B2	C25 C26 C27 C28 C29	D3
Exame de preguntas de desenvolvemento	Unha vez finalizadas as prácticas, levaranse a cabo dúas probas curtas escritas sobre aspectos concretos das operacións realizadas no laboratorio.	20	A2	B2	C28 C29	D3

Outros comentarios sobre a Avaliación

- A falta a algunha sesión de laboratorio deberá estar debidamente xustificada mediante documento oficial. Estas faltas penalizarán a nota.
- Unha falta sen xustificar suporá o suspenso directo da materia.
- Máis de 3 ausencias xustificadas suporá suspender a materia.

Maio-Xuño

- A asistencia a máis de dúas sesións de laboratorio implica que o alumno xa está a ser avaliado, polo que a súa cualificación

na acta non poderá ser "non presentado".

- É necesario obter unha nota superior a 4 sobre 10 en cada un dos apartados da avaliación para facer a media. Este criterio aplicárase tamén na segunda convocatoria.

- A cualificación final será a suma das cualificacións de todos os apartados sempre que se superen os mínimos esixidos.

- Será necesario obter unha nota superior a 3 sobre 10 en cada unha das probas prácticas de laboratorio e acadar o mínimo esixido no apartado "Práctica de laboratorio" (nota superior a 4 sobre 10) para poder facer media co resto de elementos de avaliación.

- Será necesario obter unha nota superior a 3 sobre 10 en cada unha das probas curtas escritas e acadar o mínimo esixido no apartado "Exame de preguntas de desenvolvemento" (nota superior a 4 sobre 10) para poder facer media co resto de elementos de avaliación.

- No caso de non superar a materia, a cualificación da acta será a nota ponderada da proba práctica de laboratorio e do exame de preguntas de desenvolvemento.

Segunda oportunidade (Xullo)

- En segunda convocatoria, a avaliación realizarase do seguinte xeito: manterase a puntuación obtida polo alumno durante o curso no apartado de "prácticas de laboratorio" (non recuperable). O resto dos apartados (prácticas de laboratorio e exame) son recuperables. No caso de ter superado algunha(s) das probas prácticas e/ou probas curtas escritas (nota superior ou igual a 5 sobre 10), se conservarán as puntuacións obtidas polo alumno, de xeito que únicamente deberá repetir aquelas probas que non teña superado na convocatoria ordinaria. A cualificación final será a suma das cualificacións de todos os apartados sempre que se superen os mínimos esixidos. De non superar a materia, a nota da acta será a nota ponderada da proba práctica de laboratorio e do exame das cuestións de desenvolvemento.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

J. Guiteras, R. Rubio, G. Fonrodona, **Curso Experimental en Química Analítica**, 1, Síntesis, 2003

F. Burriel, F. Lucena, S. Arribas, J. Hernández, **Química Analítica Cualitativa**, 18, Thomson Paraninfo, S.A., 2006

S. Arribas, **Análisis Cualitativo Inorgánico**, 5, Paraninfo, 1993

P. Atkins, L. Jones, **Principios de Química**, 5, Panamérica, 2012

R. Chang, K. A. Goldsby, **Química**, 12, McGraw-Hill, 2016

R. H. Petrucci, F. G. Herring, J. D. Madura, C. Bissonnette, **Química General**, 11, Pearson, 2017

Bibliografía Complementaria

D. P. Shoemaker, C. W. Garland, J. W. Nibler, **Experiments in Physical Chemistry**, 8, McGraw-Hill, 2008

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Química: Química II/V11G201V01109

Xeoloxía: Xeoloxía/V11G201V01106

Matemáticas: Matemáticas II/V11G201V01108

Física: Física II/V11G201V01107

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Bioloxía: Bioloxía/V11G201V01101

Química: Laboratorio de química I/V11G201V01105

Química: Química I/V11G201V01104

Física: Física I/V11G201V01102

Matemáticas: Matemáticas I/V11G201V01103

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Bioquímica				
Materia	Bioquímica			
Código	V11G201V01201			
Titulación	Grao en Química			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Bioquímica, xenética e inmunoloxía			
Coordinador/a	Zoni , Valeria			
Profesorado	San Juan Serrano, María Fuencisla Zoni , Valeria			
Correo-e	valeria.zoni92@gmail.com			
Web	http://faitic.es			
Descrición xeral	A materia Bioquímica ten por obxectivo proporcionar aos alumnos os coñecementos básicos sobre a estrutura e función das biomoléculas, así como sobre as súas correspondentes rutas de biosíntese e degradación. Tamén lles capacita para analizar e identificar biomoléculas.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Código	
A1	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B1	Capacidade de aprendizaxe autónomo
B3	Capacidade de xestión da información
B4	Capacidade de análise e síntese
C20	Coñecer a estrutura e reactividade das clases principais de biomoléculas e a química de procesos biolóxicos importantes
D3	Capacidade para comunicarse de forma oral e escrita en castelán e/ou galego e/ou inglés

Resultados previstos na materia	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Identificar e recoñecer a estrutura dos distintos tipos de biomoléculas e representalas correctamente.	A1 B1 C20 D3 A3 A5
Recoñecer as diferentes actividades biolóxicas dos distintos tipos de biomoléculas.	A1 B1 C20 D3 A3 A5
Defina a cinética enzimática das reaccións catalizadas por encimas así como os seus mecanismos xerais.	A1 B1 C20 D3 A3 A5
Relaciona as vitaminas cos correspondentes coenzimas de reaccións enzimáticas.	A1 B1 C20 D3 A3 A5
Explique o concepto de Bioenerxética. Razona conceptualmente a importancia do acoplamiento de procesos endergónicos e exérxicos en sistemas biolóxicos.	A1 B1 C20 D3 A3 A5
Enumere os principais aspectos estruturais do ATP que determinan o seu papel na transferencia de enerxía. Describe o ciclo ATP.	A1 B1 C20 D3 A3 A5
Distinguir as vías metabólicas das biomoléculas, así como as súas interrelacións e regulación.	A1 B1 C20 D3 A3 A5
Xustificar a aplicación das diferentes técnicas instrumentais na análise de biomoléculas.	A1 B1 C20 D3 A3 B3 A5 B4
Distinguir e propoñer protocolos analíticos para aplicar as técnicas mencionadas para a análise de biomoléculas en diversas áreas (clínicas, farmacéuticas, biomédicas, etc.)	A1 B1 C20 D3 A3 B3 A5 B4

Contidos	
Tema	
Tema 1. Aminoácidos e péptidos	Aminoácidos: estrutura e clasificación. O enlace peptídico. Péptidos naturais de interese biolóxico.
Tema 2. Proteínas	Concepto xerais. Principais funcións das proteínas. Niveis estruturais das proteínas
Tema 3. Encimas e catalisis encimática	Concepto, nomenclatura e clasificación das enzimas. Características do centro activo. Cinética das reaccións encimáticas: ecuación de Michaelis-Menten. Cinética das encimas alostéricas. Outros mecanismos da modulación da actividades encimática
Tema 4. Glúcidos	Monosacáridos: aldosas e cetosas. Estrutura lineal. Estrutura cíclica e conformacións espaciais. Monosacáridos de interese biolóxico. Oligosacáridos e polisacáridos: características xerais, estrutura e tipos mais importantes a nivel biolóxico.
Tema 5. Lípidos	Características xerais e importancia biolóxica dos lípidos. Clasificación xeral. Características y estrutura de los ácidos grasos. Lípidos saponificables: neutros e polares. Lípidos insaponificables: eicosanoides, isoprenoides e esteroides.
Tema 6. Vitaminas e coenzimas	Estrutura e función das vitaminas e coenzimas nas reaccións metabólicas
Tema 7. Nucleótidos: estrutura e función	Importancia biolóxica. Composición e estrutura de nucleósidos e nucleótidos. Funcións dos nucleótidos.
Tema 8. Introdución ao metabolismo.	Conceptos xerais do metabolismo enerxético. O equivalente do ATP. Definición de ruta metabólica: Rutas catabólicas, anabólica e anfibólicas. Importancia da regulación das rutas metabólicas.
Tema 9. Glucólisis e destino metabólico do piruvato	Etapas e reaccións da glucólisis. Importancia biolóxica desta ruta universal. A glucólisis como ruta anfibólica. Destinos metabólicos do piruvato en anaerobiosis (fermentación láctica e alcohólica) e aerobiosis (síntesis do acetilCoA na matriz mitocondrial). Reoxidación do NADH citosólico. Estequiometría e balance enerxético da glucólisis.
Tema 10. Ciclo dos ácidos tricarboxílicos (ciclo de Krebs) é rutas das pentosas fosfato.	Posición central da molécula de acetilCoA no metabolismo enerxético. Reaccións do ciclo de Krebs. Papel do ciclo de Krebs como ruta anfibólica. Balance enerxético do ciclo Krebs e da degradación aeróbica da glucosa. Característica e importancia de la ruta de las pentosas fosfato. Fase oxidativa y no oxidativa de la ruta de las pentosas fosfato.
Tema 11. Cadea de transporte electrónico e fosforilación oxidativa	Cadea de transporte electrónico: compoñentes, localización e secuencia do transporte electrónico. Fosforilación oxidativa: complexo encimático da ATP sintasa.
Tema 12. Gluconeoxénese	Visión xeral da síntesis de glucosa de novo. Principais sustratos gluconeoxénicos. Reaccións propias da gluconeoxénese.
Tema 13. Metabolismo dos ácidos grasos	Activación e transporte intracelular dos ácidos grasos. A beta-oxidación dos ácidos grasos. Balance enerxético do ácido palmítico. Biosíntese dos ácidos grasos: reacción da acetilCoA carboxilasa e da ácido graso sintasa. Elongación e desaturación dos ácidos grasos.
Tema 14. Degradación dos aminoácidos e destino do ion amonio.	Visión xeral do catabolismo dos aminoácidos: reaccións de transaminación e desaminación oxidativa. Destino do esqueleto carbonado dos aminoácidos. Forma de excreción do ion amonio nos organismos vivos: ciclo da urea
Tema 15. Anabolismo dos aminoácidos	Incorporación do ion amonio a biomoléculas a través del glutamato y glutamina. Biosíntesis de aminoácidos
Tema 16: Métodos experimentais na Bioquímica	Técnicas utilizadas na campo do estudio das proteínas: homoxeneización, fraccionamiento subcelular, precipitación salina, cromatográficas, electroforéticas ...

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	12	24	36
Resolución de problemas	24	54	78
Traballo tutelado	0	10	10
Exame de preguntas obxectivas	1	12	13
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	12	13

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Nestas clases o profesor explicará e desenvolverá os conceptos e fundamentos básicos do temario de forma clara e amena para facilitar a súa comprensión. Os contidos de cada tema serán expostos na plataforma MOOVI con tempo suficiente para que os alumnos poidan consultalos. Recoméndase que o alumno traballe sobre este material, consultando ademais a bibliografía recomendada.
Resolución de problemas	Neste apartado intentaremos que: a) Grupos de alumnos deberán realizar unha serie de exercicios para afianzar o estudo e comprensión da materia. Estes exercicios serán considerados para a avaliación. b) Aclarar as dúbidas dos conceptos anteriormente explicados nas clases maxistras e nos seminarios. c) Neste apartado tamén traballaremos certos contidos relacionados co metabolismo enerxético, que por experiencia do profesorado son de máis difícil comprensión e que por tanto requiren un maior apoio didáctico.
Traballo tutelado	Realización (procura de información, preparación e exposición) de dous traballos en grupo. Os traballos estarán relacionados con algún dos contidos da materia de Bioquímica e serán propostos polo profesor. O profesor poderá achegar parte da información necesaria para a súa execución. O traballo será considerado para a avaliación.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Para resolver todas as dúbidas que poidan xurdir en relación coas clases maxistras, os alumnos teñen á súa disposición tutorías personalizadas que terán lugar no horario establecido.
Resolución de problemas	Para resolver todas as dúbidas que poidan xurdir en relación cos seminarios, os alumnos teñen á súa disposición tutorías personalizadas que terán lugar no horario establecido.
Traballo tutelado	Para resolver todas as dúbidas que poidan xurdir en relación coa realización dos traballos, os alumnos teñen á súa disposición tutorías personalizadas que terán lugar no horario establecido.
Probas	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	Para resolver todas as dúbidas que poidan xurdir en relación cos exames, os alumnos dispondrán á súa disposición tutorías personalizadas que terán lugar no horario establecido.
Exame de preguntas de desenvolvemento	Para resolver todas as dúbidas que poidan xurdir en relación cos exames, os alumnos dispondrán á súa disposición tutorías personalizadas que terán lugar no horario establecido.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	A asistencia as clases maxistras e a os seminarios é moi recomendable para a posterior realización dunha serie de exercicios: preguntas de tipo test, preguntas de razoamento e cálculos diversos, que reforzarán os contidos adquiridos polo alumno. A realización dos exercicios de cada tema é obrigatorio e sempre en grupos de alumnos. Non son individuais. É esencial obter unha nota mínima de un 6.0 sobre 10 para poder ponderar co resto de apartados. Esta actividade non é recuperable no caso de non alcanzar o mínimo esixido.	20	A1 B1 C20 D3 A3
Traballo tutelado	A realización dos traballos é obrigatoria, sempre en grupo de alumnos e tratarán algúns dos contidos da materia de Bioquímica. Avaliarase tanto o traballo individual do alumno como o realizado no seu conxunto. Terase en conta a estrutura, orixinalidade, uso do idioma en xeral e da terminoloxía científica. Tamén se terá en conta a adecuación ao formato previamente esixido. Os traballos poderán presentarse en galego ou castelán. É esencial obter unha nota mínima de un 7.0 sobre 10 para poder ponderar co resto de apartados. Esta actividade non é recuperable no caso de non alcanzar o mínimo esixido.	20	A3 B1 C20 D3 A5 B3 B4

Exame de preguntas obxectivas	Realizarase unha primeira proba parcial escrita correspondente a Bioquímica Estructural (temas 1 - 7) na data aprobada na Xunta de Facultade (consultar páxina web do centro). Esta proba constará de preguntas tipo test e de exercicios como os vistos nos seminarios. É esencial obter unha nota mínima dun 4,0 sobre 10 para poder ponderar co resto de apartados. Esta proba representará o 25% da nota final da materia de Bioquímica. Se non se acada a cualificación mínima (4 sobre 10), esta parte incluírase no exame final de xaneiro e xullo.	25	A1 B1 C20 D3 B3
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realizarase unha segunda proba parcial escrita correspondente o temario de Bioquímica Metabólica (temas 8 - 15) na data aprobada na Xunta de Facultade (consultar páxina web do centro). Esta proba constará de preguntas tipo test y exercicios como os vistos nos seminarios. É esencial obter unha nota mínima dun 4,0 sobre 10 para poder ponderar co resto de apartados. Esta proba representará o 35% da nota final da materia de Bioquímica.	35	A3 B1 C20 D3 A5 B3 B4

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación da materia de Bioquímica é continua ao longo do curso. Para ser avaliado deste xeito, o alumno deberá realizar todas as actividades avaliadas previstas (resolución de problemas, traballos tutelados e dúas probas escritas).

As situacións particulares que impidan a participación en actividades de forma habitual (Exemplo: contrato de traballo, enfermidade... etc) deberán ser comunicadas á maior brevidade posible ao profesorado para buscar unha solución.

Para superar a materia de bioquímica (nota final como a suma das notas ponderadas) é imprescindible ter obtido unha cualificación igual ou superior á nota mínima esixida en cada unha das actividades avaliadas por separado. No caso de non ser así, non se fará suma e a nota que figurará na acta de Bioquímica será a máis alta dos apartados suspensos e o alumno deberá ir con toda a materia a convocatoria de xullo. O examen final de xullo representará o 60% da nota final e considerase superado cando sempre a nota sexa igual o superior a un 4,0 sobre 10.

É importante ter en conta que as actividades de resolución de problemas e traballo tutelado non son recuperables.

No caso de que o alumno non asista a ningunha das actividades avaliadas, aparecerá como NON PRESENTADO na acta de Bioquímica nas dúas convocatorias (xaneiro e xullo). A realización dalgunha das actividades avaliadas propostas (resolución de problemas, traballos tutelados, probas escritas) pero non todas implica automaticamente un suspenso na acta de Bioquímica (ambas convocatorias).

Estes criterios aplicáranse de forma idéntica nas dúas convocatorias (xaneiro e xullo).

As notas das actividades resolución de problemas, traballos tutelados gardaranse durante todo o curso académico (sempre e cando superaran a nota mínima esixida).

Horarios: <http://química.uvigo.es/es/docencia/horarios> **Exames:** <http://química.uvigo.es/es/docencia/examenes>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

J.M. Berg; J.L. Tymoczko; G.J. Gatto Jr; Stryer, L., **Biochemistry**, 9th, MacMillan, 2019

NELSON D. L. & COX M. M, **Lehninger. Principles of Biochemistry. International edition**, 7th, W.H.Freman & Co Ltd, 2017

Bibliografía Complementaria

José M^a Teijón Rivera y M^a Dolores Blanco Gaitán, **Fundamentos de la Bioquímica metabólica**, 4^a, Tebar, 2016

José M^a Teijón Rivera y M^a Dolores Blanco Gaitán, **Fundamentos de la Bioquímica estructural**, 3^a, Tebar, 2017

NELSON D. L. & COX M. M, **Lehninger. Principios de Bioquímica**, 7^a, Omega, 2019

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Física: Física I/V11G201V01102

Química: Química II/V11G201V01109

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Química analítica I: Principios de química analítica				
Materia	Química analítica I: Principios de química analítica			
Código	V11G201V01202			
Titulación	Grao en Química			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Química analítica e alimentaria			
Coordinador/a	Pérez Cid, Benita			
Profesorado	Pena Pereira, Francisco Javier Pérez Cid, Benita Villarino García, Nerea			
Correo-e	benita@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo principal desta materia é que os alumnos adquiran as competencias para poder manexarse na análise química volumétrica e gravimétrica, tanto no aspecto teórico como aplicado. As clases de teoría complementáanse con seminarios e prácticas de laboratorio.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Capacidade de análise e síntese
C6	Coñecer os fundamentos e ferramentas habituais na resolución de problemas analíticos e na caracterización de substancias químicas
C26	Levar a cabo correctamente procedementos habituais no laboratorio, incluíndo o uso de instrumentación química estándar para o traballo sintético e analítico
C29	Demostrar habilidade para os cálculos numéricos e a interpretación dos datos experimentais, co uso correcto de unidades e a estimación da incerteza
D1	Capacidade para resolver problemas

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Describir as etapas fundamentais do proceso analítico como metodoloxía para a resolución de problemas analíticos.	A3	B4	C6	D1
Identificar as propiedades analíticas básicas e os erros que poden afectar aos resultados analíticos.	A3	B4	C6 C29	D1
Resolver a posible interacción entre reaccións concorrentes en disolución (ácido-base, complexos, precipitación e redox).	A1	B4	C6 C29	D1
Construír e interpretar curvas de valoración (ácido-base, complexos, precipitación e redox) e seleccionar os indicadores máis adecuados en cada caso.	A3	B4	C6 C29	D1
Manexar o cálculo sistemático na análise volumétrica e gravimétrica e interpretar os resultados.	A3	B4	C6 C26 C29	D1
Aplicar experimentalmente os procedementos da análise volumétrica e gravimétrica e expresar correctamente os resultados obtidos.	A1 A3	B4	C6 C26 C29	D1
Manipular adecuadamente o material utilizado no laboratorio analítico e aplicar as normas de seguridade requiridas.	A1		C26	D1

Contidos

Tema	
Tema 1: Química Analítica e proceso analítico	A química Analítica como ciencia metrolóxica. Clasificación dos métodos de análise. O proceso analítico: etapas.
Tema 2. Avaliación dos resultados analíticos	Propiedades analíticas. Erros en Química Analítica: Clasificación. Estatística básica aplicada á expresión dos resultados analíticos. Comparación e rexeitamento de resultados.

Tema 3: Introducción á análise cuantitativa volumétrica e gravimétrica	Reaccións volumétricas. Disolucións patrón. Valoracións directas, por retroceso e indirectas. Formación, propiedades e pureza dos precipitados. Cálculos da análise gravimétrica e volumétrica.
Tema 4: Volumetrías ácido-base	Comportamento de especies monopróticas, polipróticas e anfóteras. Curvas de valoración. Detección do punto final: indicadores ácido-base. Reactivos valorantes. Aplicacións analíticas.
Tema 5: Volumetrías de formación de complexos	Estabilidade dos complexos. Reaccións de enmascaramento. Curvas de valoración. Detección do punto final: indicadores metalocrómicos. Aplicacións analíticas.
Tema 6: Volumetrías de precipitación	Factores que afectan á solubilidade dos precipitados. Curvas de valoración. Detección do punto final: métodos de Mohr, Volhard e Fajans. Aplicacións analíticas.
Tema 7: Volumetrías de oxidación-redución	Factores que modifican o potencial redox. Curvas de valoración. Detección do punto final: indicadores redox e indicadores específicos. Aplicacións analíticas.
Análise gravimétrica (Laboratorio)	Determinación gravimétrica de níquel con dimetilglioxima. (1 sesión)
Volumetrías ácido-base (Laboratorio)	Determinación da acidez dunha mostra de vinagre. (1 sesión)
	Determinación de ácido acetilsalicílico en analgésicos (1 sesión)
Volumetrías de formación de complexos (Laboratorio)	Determinación da dureza dunha mostra de auga. (1 sesión)
Volumetrías de precipitación (Laboratorio)	Determinación de cloruros nunha mostra de auga de mar polo método de Mohr. (1 sesión)
Volumetrías de oxidación-redución (Laboratorio)	Determinación da riqueza en osíxeno dunha mostra de auga oxixenada comercial. (1 sesión)
	Determinación de cloro activo nunha mostra de lixivia. (1 sesión)
Resolución dun suposto práctico (Laboratorio)	Análise dunha mostra problema de composición descoñecida. (1 sesión)

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	24	24	48
Seminario	12	24	36
Prácticas de laboratorio	24.5	12	36.5
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	7	9
Exame de preguntas de desenvolvemento	0	12	12
Práctica de laboratorio	3.5	5	8.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Son clases teóricas nas que o profesor explicará cada un dos temas do programa, incidindo nos aspectos máis relevantes e naqueles que resulten de máis difícil comprensión para o alumno. As clases desenvolveranse de forma interactiva cos alumnos, comentando o material on-line (dispoñible en Moovi) e a bibliografía máis adecuada para a preparación, en profundidade, de cada tema.
Seminario	Nos seminarios resolveranse exercicios numéricos que servirán para reforzar os coñecementos adquiridos nas clases teóricas. Os exercicios estarán dispoñibles en Moovi, como boletíns. O profesor poderá solicitar aos alumnos que entreguen, de forma individual, algúns dos exercicios propostos para ser revisados e avaliados.
Prácticas de laboratorio	Realizaranse experimentos de laboratorio, en sesións de 3.5 h cada unha. Os alumnos disporán dos guións de prácticas con suficiente antelación (material on-line), a fin de que poidan ter coñecemento dos experimentos que se van a realizar. Durante o desenvolvemento das prácticas, cada alumno elaborará un caderno de laboratorio, onde anotará toda a información relativa ao experimento realizado (reaccións, observacións, resultados, etc.). Poderán quedar exentos de realizar as prácticas de laboratorio aqueles alumnos que as aprobaron nos cursos académicos 2024-25 e 2025-26, si así o desexan. Neste caso, manterase, na parte de laboratorio, a cualificación alcanzada no seu día.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Tempo dedicado polo profesor para atender a tódalas dúbidas e consultas realizadas polo alumno durante o curso. Informarase do horario dispoñible para tutorías na presentación da materia.

Lección maxistral	Tempo dedicado polo profesor para atender a tódalas dúbidas e consultas realizadas polo alumno durante o curso. Informarase do horario dispoñible para titorías na presentación da materia.
Prácticas de laboratorio	Tempo dedicado polo profesor para atender a tódalas dúbidas e consultas realizadas polo alumno durante o curso. Informarase do horario dispoñible para titorías na presentación da materia.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Seminario	Valorarase a resolución, por parte do alumno, dalgúns dos problemas e/ou exercicios propostos nos boletíns, que deben ser entregados ao profesor.	15	A1 A3	C6 C29	D1	
Prácticas de laboratorio	O profesor realizará un seguimento do traballo experimental realizado polo alumno nas sesións de laboratorio, avaliando as destrezas adquiridas e os resultados de cada experimento. É importante indicar que é OBRIGATORIA a asistencia a tódalas sesións de laboratorio. A falta de asistencia penalizará a nota e cando o número de ausencias é superior ao 25 % das sesións de laboratorio, suporá suspender a parte práctica da materia.	15	A1 A3	C6 C26 C29	D1	
Exame de preguntas de desenvolvemento	PROBA CURTA: Realizarase unha primeira proba escrita cando se teña impartido a primeira parte do temario, onde se avaliarán as competencias adquiridas ata ese momento. Dita proba non eliminará materia e realizarase na data sinalada na programación académica do curso, aprobada na Xunta da Facultade.	15	A1 A3	C6 C29	D1	
Exame de preguntas de desenvolvemento	PROBA FINAL: Ao final do cuadrimestre realizarase unha proba escrita que constará de cuestións teóricas e exercicios numéricos. Para poder promediar ambas partes será necesario alcanzar unha cualificación mínima de 3 puntos sobre 10 en cada unha delas. Ademais, o alumno deberá alcanzar nesta proba unha cualificación mínima de 4 puntos sobre 10 para poder sumar ao resto de elementos da avaliación. Dita proba realizarase na data indicada na programación académica do curso, aprobada na Xunta de Facultade.	40	A1 A3	C6 C29	D1	
Práctica de laboratorio	Na última sesión de laboratorio, realizarase unha proba de laboratorio que permitirá avaliar todas as competencias e destrezas adquiridas polo alumno durante as sesións de laboratorio. É necesario aprobar esta proba, cunha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10, para superar a parte práctica da materia.	15	A1 A3	C6 C26 C29	D1	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Primeira oportunidade (avaliación continua): Para superar a materia é obrigatorio aprobar individualmente cada unha das partes: teoría e prácticas de laboratorio. Para iso, é necesario alcanzar unha nota mínima de 4 puntos sobre 10 na proba final de cuadrimestre e de 5 puntos sobre 10 na proba de laboratorio. A puntuación correspondente á parte práctica da materia (laboratorio) só se computará na nota final unha vez aprobada a teoría. A participación do alumno en probas escritas e a asistencia a prácticas de laboratorio (duas ou máis) implicará a condición de presentado e, por tanto, a asignación dunha cualificación.

Segunda oportunidade (avaliación continua): Na segunda oportunidade (xullo) o alumno poderá repetir aquelas probas (teoría e/ou laboratorio) que non superase na primeira oportunidade. Conservaranse as puntuacións alcanzadas polo alumno, durante o curso, nas prácticas de laboratorio (15 %). Nesta convocatoria, a proba correspondente á parte teórica da materia suporá o 70 % da cualificación final e a proba de laboratorio un 15 % e teranse en conta as mesmas consideracións establecidas para a primeira oportunidade.

Modalidade de avaliación global (non continua): Os estudantes que desexen acollerse a esta modalidade de avaliación deberán comunicalo, por escrito, no prazo establecido pola Facultade ao inicio do cuadrimestre. Neste caso, a avaliación constará das seguintes partes: prácticas de laboratorio (30 %) e proba de avaliación global (70 %). Para superar a materia, os estudantes deben acadar unha nota mínima de 5 puntos sobre 10 na proba de laboratorio e de 4 puntos sobre 10 na proba de teoría, sempre que a nota media final ponderada sexa igual o superior a 5 puntos. Para a proba de teoría, aplicaránse as mesmas consideracións indicadas na sección de avaliación para a modalidade de avaliación continua.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- D.A. Skoog, D.M. West, F.J. Holler, S.R. Crouch, **Fundamentos de Química Analítica**, 9ª Ed., Cengage Learning, 2015
 Gary D. Christian, **Química Analítica**, 6ª Ed., McGraw-Hill, 2009
 D.C. Harris, **Análisis Químico Cuantitativo**, 3ª Ed., Reverté, 2007
 F. Burriel, S. Arribas, F. Lucena y J. Hernández, **Química Analítica Cualitativa**, 18ª Ed., Paraninfo, 2002
 J.N. Miller, J.C. Miller, R.D. Miller, **Statistics and Chemometrics for Analytical Chemistry**, 7ª Ed., Pearson, 2018

P. Yañez-Sedeño Orive, J.M. Pingarrón Carrazón, A. González Cortés, **300 Problemas Resueltos de Química Analítica**, 1ª Ed., Síntesis, 2022

J. Guiteras, R. Rubio, G. Fonrodona, **Curso Experimental en Química Analítica**, 1ª Ed., Síntesis, 2003

Bibliografía Complementaria

D.A. Skoog, D.M. West, F.J. Holler, S.R. Crouch, **Química Analítica**, 7ª Ed., McGraw-Hill, 2001

D. Harvey, **Química Analítica Moderna**, 1ª Ed., McGraw-Hill, 2002

J. A. López Cancio, **Problemas Resueltos de Química Analítica**, 1ª Ed., Paraninfo, 2005

J.N. Miller, J.C. Miller, **Estadística y Quimiometría para Química Analítica**, 4ª Ed., Prentice Hall, 2002

Recomendaciones

Materias que continúan o temario

Química analítica II: Métodos ópticos de análisis/V11G201V01207

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Química física I: Termodinámica química/V11G201V01203

Química inorgánica I/V11G201V01204

Química orgánica I/V11G201V01205

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Química: Laboratorio de química I/V11G201V01105

Química: Química I/V11G201V01104

Química: Laboratorio de química II/V11G201V01110

Química: Química II/V11G201V01109

Matemáticas: Matemáticas II/V11G201V01108

Matemáticas: Matemáticas I/V11G201V01103

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Química física I: Termodinámica química				
Materia	Química física I: Termodinámica química			
Código	V11G201V01203			
Titulación	Grao en Química			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Química Física			
Coordinador/a	Mandado Alonso, Marcos Tojo Suárez, María Concepción			
Profesorado	Fernández Nóvoa, Alejandro Mandado Alonso, Marcos Pastoriza Santos, Isabel Pérez Juste, Jorge Ramos Berdullas, Nicolás Tojo Suárez, María Concepción			
Correo-e	mandado@uvigo.es ctojo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia "Química Física I" é un dos primeiros contactos do alumnado do "Grao en Química" coa Química Física. Esta disciplina estuda as propiedades e o comportamento dos sistemas químicos empregando os métodos da Física. Na materia abórdase o tratamento macroscópico rigoroso de sistemas químicos en equilibrio, sistemas xa introducidos na materia "Química II". Aproveitando o coñecemento básico dos principios da Termodinámica, aplicaranse a sistemas de interese químico para dispor dunha descrición cuantitativa dos mesmos. Para este tratamento cuantitativo é fundamental estar familiarizado co cálculo diferencial de máis dunha variable e o cálculo integral dunha variable, aspectos abordados na materia "Matemáticas I". Os coñecementos sobre a descrición macroscópica dos sistemas químicos que se alcanzarán nesta materia complementáanse cos contidos da "Química Física II" do segundo cuadrimestre e con a materia "Química Física V" do terceiro curso.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A1	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo			
B1	Capacidade de aprendizaxe autónomo			
B3	Capacidade de xestión da información			
C11	Coñecer os principios da Termodinámica e as súas aplicacións na Química			
C13	Coñecer os principios e aplicacións da electroquímica			
C28	Interpretar os datos derivados das observacións e medidas do laboratorio en termos do seu significado e relacionalos coa teoría adecuada			
C29	Demostrar habilidade para os cálculos numéricos e a interpretación dos datos experimentais, co uso correcto de unidades e a estimación da incerteza			
D1	Capacidade para resolver problemas			
D3	Capacidade para comunicarse de forma oral e escrita en castelán e/ou galego e/ou inglés			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Explicar os intercambios enerxéticos nos sistemas termodinámicos en función dos cambios nas variables de estado.	A1	B1 B3	C11 C28 C29	D1 D3
Establecer se un proceso termodinámico é espontáneo ou non a partir do cálculo das variacións das funcións termodinámicas.	A1	B1 B3	C11 C29	D1 D3
Manexar táboas termodinámicas para obter valores das funcións de estado termodinámicas de reacción a diferentes temperaturas.	A1	B1 B3	C11 C28 C29	D1 D3
Determinar as características termodinámicas dun cambio de fase e saber o intervalo de aplicabilidade das ecuacións empregadas	A1	B1 B3	C11 C29	D1 D3

Calcular as propiedades termodinámicas dunha disolución ideal a partir da súa composición.	A1	B1 B3	C11 C29	D1 D3
Analizar as propiedades coligativas dunha disolución a partir da concentración do soluto e as propiedades do disolvente.	A1	B1 B3	C11 C28 C29	D1 D3
Describir o comportamento das disolucións reais empregando os conceptos de actividade e coeficiente de actividade e ser capaz de calculalos a partir de datos experimentais e modelos teóricos.	A1	B1 B3	C11 C28 C29	D1 D3
Calcular a constante termodinámica de reaccións a partir das concentracións ou actividades das especies e relacionala coas funcións termodinámicas.	A1	B1 B3	C11 C13 C28 C29	D1 D3

Contidos

Tema

Principios da Termodinámica na Química.	Primeiro principio da Termodinámica. Enerxía interna. Entalpía. Capacidades caloríficas. Termoquímica. Segundo principio da Termodinámica. Entropía. Terceiro principio da Termodinámica.
Funcións Termodinámicas	Ecuacións de Gibbs. Relacións de Maxwell. Cálculo de variacións das funcións de estado. Magnitudes molares parciais. Potencial químico de gases ideais e reais.
Equilibrio de fases en sistemas dun compoñente.	Regra das fases. Cambios de fase de primeira orde. Ecuacións de Clapeyron e Clausius-Clapeyron.
Disolucións ideais.	Volumes molares parciais. Disolución ideal: Lei de Raoult. Disolución diluída ideal: Lei de Henry. Propiedades coligativas.
Disolucións non ideais.	Desviacións da Lei de Raoult. Actividade e coeficiente de actividade. Disolucións de electrólitos. Teoría de Debye-Hückel.
Equilibrio químico	Grao de avance. Equilibrio en reaccións en fase gas. Influencia da temperatura e a presión no equilibrio. Equilibrios ácido-base. Produto de solubilidade. Sistemas electroquímicos.
Prácticas de Laboratorio	- Determinación experimental de constantes de equilibrio empregando técnicas espectrofotométricas ou potenciométricas. - Determinación experimental de entalpías de combustión, disolución, neutralización, fusión ou vaporización. - Determinación experimental de propiedades coligativas.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	24	33	57
Seminario	24	33	57
Prácticas de laboratorio	14	2.5	16.5
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	8.5	8.5
Autoavaliación	0	4	4
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	2	4
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	0	5	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Consistirán na exposición por parte do profesor dos aspectos fundamentais de cada tema, tomando como base o material dispoñible na plataforma MOOVI. Tamén se formularán problemas numéricos que axuden a comprender e asentar conceptos.
Seminario	As clases de seminario dedicaranse fundamentalmente á resolución de problemas e, cando sexa necesario, aprofundar sobre os aspectos dos temas que presenten maiores dificultades ao alumnado.
Prácticas de laboratorio	Realización baixo a supervisión do profesorado pero de maneira autónoma, de prácticas de laboratorio en sesións de 3,5 horas. Coa antelación suficiente, o alumnado disporá na plataforma MOOVI dos guións das prácticas a realizar xunto con todo o material adicional necesario. O guión presentará os elementos esenciais para realizar a práctica a nivel experimental, así como os puntos básicos do seu fundamento teórico e do tratamento dos datos. Ao finalizar as prácticas, e dentro do prazo que fixe o profesorado, será necesario entregar o informe dunha delas, elaborado seguindo as directrices dadas polo profesorado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	No horario de titorías do profesorado resolveranse de forma individualizada e máis persoal aquelas dúbidas do alumnado que poidan xurdir ó longo do curso nas clases de teoría.
Seminario	No horario de titorías do profesorado resolveranse de forma individualizada e máis persoal aquelas dúbidas do alumnado que poidan xurdir ó longo do curso nas clases de seminario.
Prácticas de laboratorio	No horario de titorías do profesorado resolveranse de forma individualizada e máis persoal aquelas dúbidas do alumnado que poidan xurdir ó longo do curso nas clases de laboratorio ou durante a elaboración dos correspondentes informes de prácticas.
Probas	Descrición
Exame de preguntas de desenvolvemento	No horario de titorías do profesorado resolveranse de forma individualizada e máis persoal aquelas dúbidas do alumnado que poidan xurdir ó longo do curso durante a preparación da primeira proba escrita.
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	No horario de titorías do profesorado resolveranse de forma individualizada e máis persoal aquelas dúbidas do alumnado que poidan xurdir ó longo do curso nas clases de laboratorio ou durante a elaboración dos correspondentes informes de prácticas.
Exame de preguntas de desenvolvemento	No horario de titorías do profesorado resolveranse de forma individualizada e máis persoal aquelas dúbidas do alumnado que poidan xurdir ó longo do curso durante a preparación da segunda proba escrita.

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Prácticas de laboratorio	Puntúase aquí xunto co esforzo e a actitude, as destrezas e as competencias desenvolvidas polo alumnado durante a realización das distintas prácticas. A asistencia as sesións de prácticas é obrigatoria e, polo tanto, non é posible aprobar a materia no caso de non terse realizado.	5	A1 B3	B1 C11 D1 C28 D3 C29
Resolución de problemas e/ou exercicios	Ademais dos boletíns de problemas, ao finalizar cada tema ou grupo de temas, propoñeranse uns "Exercicios Avaliables" que o alumnado deberá resolver de forma autónoma e entregar no prazo fixado polo profesorado.	12	A1 B3	B1 C11 D1 C13 D3 C29
Autoavaliación	Ao finalizar cada tema o alumnado terá a posibilidade de respostar, a través da plataforma MOOVI, un "Test de Autoavaliación" autocorrixible.	8	A1 B3	B1 C11 D1 C13 D3 C29
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realizarase unha proba escrita á metade do cuadrimestre na data aprobada pola Xunta de Facultade. A dita proba versará sobre os contidos dos temas I, II e III.	35	A1 B3	B1 C11 D1 C29 D3
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realizarase unha proba escrita ao final do cuadrimestre na data aprobada pola Xunta de Facultade (a data coincidirá coa correspondente á da Proba Global para o estudiantado da modalidade de Avaliación Global). A dita proba versará sobre os contidos dos temas IV, V e VI.	35	A1 B3	B1 C11 D1 C13 D3 C29
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	Ao finalizar as prácticas, o alumnado elaborará o informe dunha das prácticas (proposta polo profesorado) que se deberá presentar coidando os aspectos formais relativos á organización, uso correcto das unidades, confección correcta das gráficas e exposición dos resultados. Valorarase tamén a análise crítica destes e a obtención de conclusións.	5	A1 B3	B1 C11 D1 C28 D3 C29

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación Continua:

- O traballo voluntario do alumno ("Test de Autoavaliación" e "Exercicios Avaliables") poderán constituír ata o 20% da cualificación final sempre que o alumno realice, polo menos, a metade das actividades que se propoñan ao longo do curso.
- Para superar a materia é requisito imprescindible que as cualificacións nas probas escritas sexa igual ou superior a 4,0 sobre 10,0 puntos. No caso de non acadar dita puntuación a cualificación que se reflectirá na acta será unicamente a media das cualificacións das probas, non contabilizándose ningún dos demais apartados.
- Para superar a materia é requisito imprescindible realizar as prácticas de laboratorio e obter nas mesmas unha cualificación mínima global de 5,0 sobre 10 puntos (50% traballo de laboratorio, 50% informe). No caso de non acadar dita

puntuación a cualificación que se reflectirá na acta non poderá superar 4,0 puntos.

- A asistencia as sesións de prácticas é obrigatoria e, polo tanto, non é posible aprobar a materia no caso de non terse realizado.

- Para superar a materia é requisito imprescindible obter unha cualificación igual ou superior a 5,0 puntos sobre 10 na cualificación global da mesma (10% prácticas de laboratorio, 12,5% exercicios avaliábles, 7,5% cuestionarios de autoavaliación, 65% probas escritas e 5% informes de prácticas).

Avaliación Global:

O alumnado que, dentro do prazo fixado pola Facultade, opte pola modalidade de Avaliación Global, realizará unha proba escrita global na data fixada pola Xunta de Facultade. Esta proba escrita global suporá o 85% da cualificación da materia.

Nesta avaliación global as Prácticas de Laboratorio constituirán o 7% da cualificación da materia e un 8% os correspondentes informes.

- Para superar a materia é requisito imprescindible obter na proba escrita global unha cualificación igual ou superior a 4,0 sobre 10,0 puntos. No caso de non acadar dita puntuación a cualificación que se reflectirá na acta será únicamente a cualificación da proba global, non contabilizándose ningún dos demais apartados.

- Para superar a materia é requisito imprescindible realizar as prácticas de laboratorio e obter nas mesmas unha cualificación mínima global de 5,0 sobre 10 puntos (47% traballo de laboratorio, 53% informe). No caso de non acadar dita puntuación a cualificación que se reflectirá na acta non poderá superar 4,0 puntos.

- Para superar a materia é requisito imprescindible obter unha cualificación igual ou superior a 5,0 puntos sobre 10 na cualificación global da mesma.

Condición de presentado/non presentado:

A participación do alumnado nalguna das probas escritas ou a asistencia a mais de dúas sesións de laboratorio implicará a condición de "presentado/a" e, polo tanto, a asignación dunha cualificación.

Segunda Oportunidade:

No caso da Avaliación Continua para a avaliación da segunda oportunidade, manteranse as cualificacións dos "*Exercicios Avaliábles*", dos "*Test de Autoavaliación*", das prácticas de laboratorio e dos correspondentes informes.

No caso da Avaliación Global para a avaliación da segunda oportunidade, manteranse as cualificacións das prácticas de laboratorio e dos correspondentes informes.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Levine, I. N., "**Principios de Fisicoquímica**", 6ª Ed, McGraw-Hill Education, 2014

Engel, T.; Reid, P., "**Química Física**", 1ª Ed, Pearson, Addison Wesley, 2006

Atkins, P.W.; De Paula, J., "**Química Física**", 8ª Ed, Editorial Médica Panamericana, 2008

Bibliografía Complementaria

Levine, I.N., "**Problemas de Fisicoquímica**", 1ª Ed, McGraw-Hill Interamericana, 2005

Rodríguez Renuncio, J.A., "**Termodinámica Química**", 2ª Ed, Síntesis, 2000

Rodríguez Renuncio, J.A., "**Problemas resueltos de Termodinámica Química**", 1ª Ed, Síntesis, 2000

Chang, R., "**Fisicoquímica**", 3ª Ed, McGraw-Hill Interamericana, 2008

Metz, C.R., "**Fisicoquímica. Problemas y Soluciones**", 1ª Ed, McGraw-Hill Interamericana, 1991

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Química física II: Superficies e coloides/V11G201V01208

Química física V: Cinética química/V11G201V01308

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Química: Química II/V11G201V01109

Matemáticas: Matemáticas I/V11G201V01103

DATOS IDENTIFICATIVOS**Química inorgánica I**

Materia	Química inorgánica I			
Código	V11G201V01204			
Titulación	Grao en Química			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Química inorgánica			
Coordinador/a	Castro Fojo, Jesús Antonio			
Profesorado	Carballo Rial, Rosa Castro Fojo, Jesús Antonio Valencia Matarranz, Laura María			
Correo-e	jesusc@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Nesta materia preténdese dar unha visión xeral do comportamento químico dos elementos non metálicos dos grupos principais e dos seus compostos máis importantes.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B1	Capacidade de aprendizaxe autónomo
B3	Capacidade de xestión da información
B4	Capacidade de análise e síntese
C8	Coñecer as propiedades características dos elementos e os seus compostos, incluíndo as relacións entre grupos e as súas variacións na táboa periódica
C9	Coñecer os aspectos estruturais dos elementos químicos e os seus compostos, incluíndo a estereoquímica
C26	Levar a cabo correctamente procedementos habituais no laboratorio, incluíndo o uso de instrumentación química estándar para o traballo sintético e analítico
D2	Capacidade para traballar en equipo

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Deducir as propiedades físicas dun elemento ou composto a partir do tipo de enlace e/ou forzas intermoleculares	A2	B1	C8	
	A3	B3	C9	
		B4		
Elixir o método xeral máis adecuado para a obtención dos elementos non metálicos e os seus compostos máis importantes	A2	B1	C8	
	A3	B3	C9	
		B4		
Coñecer a estrutura e a reactividad máis destacada dos elementos non metálicos e os seus compostos	A2	B1	C8	
	A3	B3	C9	
		B4		
Relacionar as propiedades físicas e químicas dalgúns sustancias de interese coas súas aplicacións	A2	B1	C8	
	A3	B3	C9	
		B4		
Levar a cabo no laboratorio a preparación dalgúns elementos e dos seus compostos, así como o estudo dalgúns das súas propiedades físicas e químicas		B1	C26	D2
		B3		
		B4		

Contidos

Tema	
1. Hidróxeno	Obtención. Propiedades físicas e químicas. Hidruros: clasificación e estudo xeral dos mesmos. A auga.
2. Gases nobres	Características xerais. Propiedades e usos. Fluoruros de xenón. Combinacións de xenón con osíxeno.
3. Halóxenos	Características xerais. Obtención, propiedades e reactividad. Haluros. Óxidos, oxoácidos e oxosais. Compostos interhalóxenos e iones polihaloxenuro. Fluorocarbonos.

Estabilidade dos compostos de coordinación	Constantes de formación. Factores que afectan á estabilidade dos compostos de coordinación en disolución
Preparación dos compostos de coordinación.	Estudo dos diferentes tipos de procesos
Caracterización dos compostos de coordinación	Análise elemental e térmica. Propiedades magnéticas. Conductividade. Espectroscopias de absorción e emisión.

Aplicacións dos compostos de coordinación	En sistemas biolóxicos. En medicina. Outros.
Prácticas de laboratorio	Síntese de compostos de coordinación de metais de transición. Caracterización estrutural mediante diferentes técnicas

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	24	12	36
Seminario	24	22	46
Resolución de problemas	0	10	10
Prácticas de laboratorio	14	0	14
Exame de preguntas obxectivas	1	15	16
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	27	28

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Presentaranse os aspectos fundamentais da materia
Seminario	Os/as alumnos/as resolveran exercicios relacionados coa materia.
Resolución de problemas	Realizárase de forma autónoma resolvendo as cuestións en MOOVI
Prácticas de laboratorio	As prácticas de laboratorio constarán de 4 sesións de 3,5 horas presenciais. Os estudantes realizarán diferentes experiencias no laboratorio e deberán confeccionar o correspondente libro de laboratorio. Algunha das experiencias poderán precisar o estudo previo de xeito individual ou por grupo. A asistencia a tódalas sesións de laboratorio é obrigatoria.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Podranse consultar dúbidas en tutorías solicitadas por correo electrónico
Prácticas de laboratorio	Os alumnos poderán consultar ao profesor encargado en horario de tutorías ou previa cita as dúbidas do traballo nas prácticas de laboratorio
Lección maxistral	Poderanse consultar dúbidas en tutorías solicitadas por correo electrónico
Resolución de problemas	Resolveranse dúbidas ou cuestións relacionadas cos exercicios en tutorías solicitadas por correo electrónico

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Seminario	Os alumnos/as resolveran en clase cuestións relacionadas coa materia. Valorarase a participación activa na aula así como a asistencia	15	A3 B3 C2	C15
Resolución de problemas	Realizábase de forma autónoma en Moovi	10	B1 B3	C2
Prácticas de laboratorio	A avaliación das prácticas de laboratorio constará dun 10% respecto ao caderno de laboratorio (que poderá ser en unha proba escrita) e 5% ao comportamento e destreza por observación directa do profesor. Tamén se lles poderá pedir aos estudantes a resolución de cuestións sinxelas que deberán entregar nese momento e que servirán para a súa avaliación. Se o número de ausencias é superior ao 25% das sesións de laboratorio, suporá suspender as prácticas, e con elo a materia. Se non se consegue unha cualificación igual ou superior ao 5 neste apartado tamén suporá suspender a materia. As persoas que realizaran e aprobaran as prácticas no curso anterior (2025-2026) quedan exentas de volvelas a facer, se así o desexan, conservarán a nota.	15	A3	C26 D2
Exame de preguntas obxectivas	Realizábase unha proba dunha hora de duración na data establecida no cronograma	25	A3	C2
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realizábase unha proba escrita de 2 horas de duración no horario establecido pola Facultade de Química	35	A2 A3	B1 B3 C2

Outros comentarios sobre a Avaliación

Evaluación continua

- A asistencia ás clases prácticas de laboratorio é obrigatoria.
- O alumno debера ter un mínimo de 3 sobre 10 en cada un dos apartados da avaliación para que se poidan ter en conta esas cualificacións para a nota final

Os alumnos que non superen a materia ao final do cuadrimestre deberán realizar unha proba escrita no período de avaliación final de xullo. Esta proba tera un valor do 60% da nota e substituirá os resultados das dúas probas escritas.

***Evaluación global**

1. Por incumprimento das condicións de avaliación continua.
2. Por solicitude do alumno/a no prazo que determine a Facultade de Química.

A proba de avaliación global incluíra cuestións relativas a toda a materia incluíndo prácticas de laboratorio. Esta proba realizábase na mesma data que a da avaliación continua pero será diferente en canto a contidos e duración. Debera obterse un 5 sobre 10 para superala

Na segunda oportunidade

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Jordan, RB., **Principles of inorganic chemistry: basics and applications**, Springer, 2024

Tanase T, **Coordination Chemistry : Molecular Science of Organic-Inorganic Complexes**, 978-1-83767-064-2, 1, Royal Society of Chemistry, 2024

Weber B., **Coordination chemistry : basics and current trends.**, 978-3-662-66440-7, 1, Springer, 2023

Weller M.,Rourke, J.,Armstrong, F., Lancaster, S., Overton, T., **Inorganic Chemistry**, 978-0-19-886691-6, 8, Oxford University Press, 2025

Bibliografía Complementaria

House, J.E., **Inorganic Chemistry**, 978044314102, 4, Elsevier, 2025

Odom, A.L. Beaulac R, Johnson AR, Smith MR, McCusker JK, Nataro C.; **Inorganic chemistry : an integrated approach**, 1, Oxford University Press, 2025

Pfenning BW, **Principles of Inorganic Chemistry**, 9781119650324, 2, Jhon Wiley & Sons, Inc, 2022

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Química inorgánica IV: Metais de transición e estado sólido/V11G201V01309

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Química inorgánica I/V11G201V01204

Química inorgánica II/V11G201V01209

DATOS IDENTIFICATIVOS**Química orgánica III: Reaccións concertadas, radicalarias e fotoquímicas**

Materia	Química orgánica III: Reaccións concertadas, radicalarias e fotoquímicas			
Código	V11G201V01305			
Titulación	Grao en Química			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly #FrançaisAmical Castelán Galego			
Departamento	Química orgánica			
Coordinador/a	Nieto Faza, Olalla			
Profesorado	Besada Pereira, Pedro Nieto Faza, Olalla Salonen, Laura			
Correo-e	faza@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Nesta materia estudaranse procesos radicalarios, pericíclicos e fotoquímicos mediante unha aproximación organizada arredor dos seus mecanismos e selectividade. A metodoloxía, centrada na resolución de problemas, inclúe prácticas de laboratorio e modelización molecular.			
	Materia do programa English Friendly: O alumnado internacional poderá solicitar ó profesorado a) materiais e referencias bibliográficas para seguir a materia en inglés, b) atención en inglés nas titorías e c) probas e avaliacións en inglés.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado
B3	Capacidade de xestión da información
B4	Capacidade de análise e síntese
C18	Coñecer as propiedades dos compostos alifáticos, aromáticos, heterocíclicos e organometálicos
C19	Coñecer as principais rutas de síntese na química orgánica, incluíndo as interconversións de grupos funcionais e a formación dos enlaces carbono-carbono e carbono-heteroátomo
C27	Demostrar capacidade para a observación, o seguimento e a medida dos procesos químicos, mediante o seu rexistro sistemático e fiable e a presentación de informes do traballo realizado
C28	Interpretar os datos derivados das observacións e medidas do laboratorio en termos do seu significado e relacionalos coa teoría adecuada
D3	Capacidade para comunicarse de forma oral e escrita en castelán e/ou galego e/ou inglés

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer e aplicar os factores que afectan á estabilidade de radicaís orgánicos.	A3 A4	B3 B4	C18 C19	D3
Recoñecer e comprender mecanismos de reacción radicalarios e utilizar ese coñecemento para propoñer estratexias para evitalos ou explotalos.	A3 A4	B3 B4	C18 C19	D3
Utilizar as regras de Woodward-Hoffmann para diferenciar entre camiños de reacción permitidos e prohibidos en reaccións pericíclicas.	A3 A4	B3 B4	C18 C19	D3
Recoñecer os mecanismos pericíclicos máis comúns (electrociclacións, cicloadicións, reaccións sigmatrópicas e énicas) e utilízalos en secuencias sintéticas.	A3 A4	B3 B4	C18 C19	D3
Predicir a rexio e estereoselectividade de reaccións pericíclicas.	A3 A4	B3 B4	C18 C19	D3
Comprender os mecanismos de activación fotoquímica de moléculas orgánicas.	A3 A4	B3 B4	C18 C19	D3
Comprender e aplicar os mecanismos de reaccións fotoquímicas: isomerizacións de dobre enlace, fotodisociacións, fotorreducións e reaccións pericíclicas.	A3 A4	B3 B4	C18 C19	D3

Levar a cabo reaccións pericíclicas, radicalarias e fotoquímicas e elaborar, separar e purificar os seus produtos mediante técnicas habituais.	A3 A4	B3 B4	C18 C19 C27 C28	D3
Utilizar técnicas espectroscópicas para determinar a estrutura de compostos orgánicos.	A3 A4	B3 B4	C18 C27 C28	D3
Utilizar ferramentas de modelización molecular para estudar as propiedades de compostos orgánicos e mecanismos de reacción.	A3 A4	B3 B4	C18 C19 C27 C28	D3

Contidos

Tema

Tema 1. Mecanismos de reacción	1.1. Mecanismo de reacción. Perfís de reacción e teoría do estado de transición. 1.2. Forza condutora da reacción. Teoría dos orbitais fronteira. 1.3. Tipos de selectividade en transformacións orgánicas. 1.4. Clasificacións de mecanismos.
Tema 2. Reaccións radicalarias	2.1. Rotura homolítica vs. rotura heterolítica de enlaces. 2.2. Estabilidade de radicais. 2.3. Reaccións en cadea, haloxenación de alcanos. 2.4. Polimerizacións radicalarias. 2.5. Reducións e acoplamentos redutivos radicalarios 2.6. Reaccións radicalarias na natureza
Tema 3. Reaccións pericíclicas	3.1. Reglas de Woodward-Hoffmann. Conservación da simetría orbital e aromaticidade do estado de transición. Reaccións permitidas e prohibidas térmicas e fotoquímicas. 3.2. Electrociclacións. 3.3. Cicloadicións. Teoría dos orbitais fronteira. 3.4. Reaccións sigmatrópicas e énicas.
Tema 4. Reaccións fotoquímicas	4.1. Espectros UV/vis de moléculas orgánicas. Propiedades dos estados excitados. 4.2. Procesos fotofísicos: desactivación unimolecular, conversión interna, cruces entre sistemas, emisión (fluorescencia, fosforescencia) 4.3. Isomerización de dobre enlace. 4.4. Fotodisociacións. 4.5. Fotorreducións. 4.6. Reaccións pericíclicas. 4.7. Reaccións fotoquímicas na natureza.
Tema 5. Prácticas de laboratorio	Nestas sesións levaranse a cabo experimentos relacionados cos temas anteriores. Síntese, purificación e caracterización de compostos orgánicos.
Tema 6. Prácticas de modelización molecular	Empregaranse as ferramentas da química computacional para estudar as propiedades de moléculas orgánicas e mecanismos de reacción relacionados cos temas anteriores.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	0	2	2
Flipped Learning	12	20	32
Resolución de problemas	24	52	76
Prácticas de laboratorio	28	10	38
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia e o profesorado, revisión da guía docente e da estrutura do curso na plataforma de teledocencia.
Flipped Learning	Requírese a interacción do alumnado cos materiais postos á súa disposición a través da plataforma de teledocencia e a realización das actividades propostas para preparar as sesións presenciais. Na aula levaranse a cabo diversas actividades de consolidación, revisión, aclaración e aplicación dos conceptos estudados.

Resolución de problemas	Realizaranse exercicios prácticos de aplicación dos conceptos desenvolvidos nas clases teóricas e na aula invertida.
Prácticas de laboratorio	Posta en práctica no laboratorio das técnicas básicas de síntese, separación, purificación e determinación estrutural de compostos orgánicos. O traballo inclúe a avaliación de riscos, planificación dos experimentos e análise dos resultados. Empregaranse técnicas de modelización molecular para estudar as propiedades de compostos orgánicos e os mecanismos de reaccións seleccionadas. Para poder acceder ás sesións de prácticas requírese un traballo previo de preparación a través da plataforma de teledocencia. O traballo levarase a cabo de forma individual en sesións de 3.5 horas, e será documentado nun caderno de laboratorio. Tras as sesións de prácticas, elaborárase un traballo de acordo coas instrucións do profesorado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Flipped Learning	A avaliación continua proporciona tanto ó profesorado coma ó alumnado un rexistro da evolución da súa aprendizaxe ó longo do curso. Aínda que o profesorado pode tomar a iniciativa de propoñer sesións tutoriais se aprecia risco, recoméndase que o alumnado use esa información para identificar fortalezas e debilidades, organizar o seu traballo e buscar o apoio que precise. Para resolver calquera problema relacionado coa materia, aclarar dúbidas ou buscar axuda na realización das actividades propostas, o alumnado pode solicitar en calquera momento a atención do profesorado. As sesións de tutorización poden levarse a cabo de forma presencial, no despacho dos profesores, ou ben a través do campus remoto, a demanda do alumno. Tamén se proporcionará atención personalizada a través do correo electrónico ou dos foros de discusión na plataforma de teledocencia.
Resolución de problemas	A resolución de problemas en grupos pequenos facilita a atención personalizada ó alumno no momento no que aparezan dificultades. Do mesmo xeito que no apartado anterior, proporcionarase atención personalizada en tutorías a demanda, así como a través do correo electrónico ou os foros na plataforma de teledocencia.
Prácticas de laboratorio	Durante as prácticas, a maior parte dos problemas individuais resolverase directamente no laboratorio. Do mesmo xeito que no apartado anterior, proporcionarase atención personalizada en tutorías a demanda, así como a través do correo electrónico ou os foros na plataforma de teledocencia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Flipped Learning	O alumnado debe participar nas actividades realizadas na aula e interactuar cos contenidos planificados na plataforma de teledocencia. Avaliarase o resultado dos tests e outras actividades de comprobación integradas en cada lección na plataforma.	15	A3 B3 C18 D3 A4 B4 C19
Prácticas de laboratorio	Avaliarase a adquisición das competencias asociadas ó manexo seguro de substancias químicas, á avaliación de riscos no laboratorio, á planificación e execución de experimentos (no laboratorio e computacionais) e á análise de resultados. Para iso, empregaranse a observación sistemática do traballo do alumno, o traballo previo ás sesións de laboratorio e a calidade do caderno de laboratorio. A asistencia ás clases prácticas presenciais e a obtención dunha cualificación maior que 5 neste apartado é obrigatoria para superar a materia.	10	A3 B3 C18 D3 A4 B4 C19 C27 C28
Resolución de problemas e/ou exercicios	Unha proba sobre os primeiros temas da materia (2 horas) que suporá o 25% da cualificación final.	25	A3 B3 C18 D3 A4 B4 C19 C27 C28
Resolución de problemas e/ou exercicios	Unha proba final sobre todo o temario (2 horas) que suporá o 40% da cualificación final. Esixirase unha nota mínima de 4.0 puntos sobre 10 nesta proba para superar a materia.	40	A3 B3 C18 D3 A4 B4 C19 C27 C28
Resolución de problemas e/ou exercicios	Unha proba escrita (0.5 horas) relacionada coa parte experimental da materia, que suporá un 10% da cualificación final. Esixirase unha nota mínima de 4.0 puntos sobre 10 nesta proba para superar a materia.	10	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Establécense unha serie de resultados de aprendizaxe esenciais que o estudantado debe demostrar ter adquirido de forma

completa para superar a materia.

En caso de dúbida sobre a adquisición dos resultados de aprendizaxe do alumnado, pódese establecer a realización de probas orais adicionais ou complementarias ás probas escritas programadas.

CONDICIÓN DE PRESENTADO/A: A participación do/a estudante nalgún dos actos de avaliación da materia implicará a condición de presentado/a e, polo tanto, a asignación dunha cualificación. Considéranse actos de avaliación a asistencia a clases prácticas de laboratorio, a entrega de traballos e exercicios encargados polo profesorado, ou a realización dalgunha proba.

ALUMNADO DE 2ª E POSTERIORES MATRÍCULAS: Ó/á estudante avaliado como APTO/A no traballo de laboratorio en cursos anteriores que así o solicite, outorgaráselle mención de APTO/A no seguimento do traballo de laboratorio, non sendo necesaria a súa asistencia ás sesións prácticas neste curso. Con todo, deberán realizar a proba escrita da parte experimental para conseguir a cualificación correspondente á parte experimental da materia (20%) no curso académico actual.

AVALIACIÓN DA SEGUNDA CONVOCATORIA: Manterase a cualificación obtida polo alumnado durante o curso na parte de flipped learning e prácticas de laboratorio. Realizarase unha proba sobre todos os contidos teóricos da materia, que suporá un 65% da cualificación final e unha proba escrita sobre a parte experimental que suporá un 10% da calificación final. Será necesario obter un mínimo de 4.0 puntos sobre 10 en cada unha destas probas para superar a materia e ter en conta o resto de elementos da avaliación.

OPCIÓN DE AVALIACIÓN NON CONTINUA: O alumnado que non desexe optar á avaliación continua deberá realizar as prácticas de laboratorio e obter una cualificación de APTO nas mesmas, ademais de obter unha cualificación superior a 5.0 puntos sobre 10 na proba escrita relativa á parte experimental da materia (un 20% da calificación). Aparte disto, deberá obter como mínimo unha cualificación de 5.0 puntos sobre 10 nunha única proba na que se avaliarán todos os contidos da materia (un 80% da calificación).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Eric V. Anslyn, Dennis A. Dougherty, **Modern physical organic chemistry**, University Science Books, 2006

Felix A. Carroll, **Perspectives on structure and mechanism in organic chemistry**, John Wiley, 2010

John Perkins, **Radical chemistry : the fundamentals**, Oxford University Press, 2000

Ian Fleming, **Pericyclic reactions**, Oxford University Press, 1999

Carol E. Wayne, Richard P. Wayne, **Photochemistry**, Oxford University Press, 1996

Steven M. Bachrach, **Computational organic chemistry**, John Wiley & Sons., 2007

James W. Zubrick, **The Organic Chem Lab Survival Manual: a student's guide to techniques**, John Wiley & Sons, 2009

Jerry R. Mohrig ... [et al.], **Laboratory techniques in organic chemistry : supporting inquiry-driven experiments**, W.H. Freeman, 2014

Bibliografía Complementaria

Nicholas J. Turro, V. Ramamurthy, J.C. Scaiano, **Modern molecular photochemistry of organic molecules**, University Science Books, 2010

Ernö Pretsch, Philippe Buhlmann, Martin Badertscher, **Structure determination of organic compounds : tables of spectral data**, Springer., 2009

Chemistry Libre Texts, **ChemistryLibre Texts**, [lookshelves/Organic_Chemistry](https://www.masterorganicchemistry.com/),

James Ashenurst, **MasterOrganicChemistry**, <https://www.masterorganicchemistry.com/>,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Química orgánica IV: Deseño da síntese orgánica/V11G201V01310

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Química física III: Química cuántica/V11G201V01303

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Química orgánica II/V11G201V01210

Química orgánica I/V11G201V01205

Determinación estrutural/V11G201V01206

Outros comentarios

Os obxectivos do curso implican aprender a manexar con soltura un bo número de conceptos novos nun período de tempo relativamente curto, polo que o traballo e estudo diarios son imprescindibles. O mesmo aplica á asistencia a clase e participación activa en todas as actividades propostas, incluíndo a interacción cos materiais que se poñen a disposición do alumnado a través da plataforma ou a lectura dos temas designados antes de cada sesión presencial.

Recoméndase fortemente ter aprobado previamente Química Orgánica I e II e Determinación Estrutural pois durante este curso farase uso constante dos conceptos traballados nesas materias.

Recoméndase a utilización de modelos moleculares, xa que unha das principais dificultades do curso é a visualización da estrutura tridimensional das moléculas.

Para as prácticas, son necesarios unha bata de laboratorio e un caderno.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Química analítica IV: Métodos cromatográficos e afíns				
Materia	Química analítica IV: Métodos cromatográficos e afíns			
Código	V11G201V01306			
Titulación	Grao en Química			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	#PortuguêsAmigável Castelán			
Departamento	Química analítica e alimentaria			
Coordinador/a	Leao Martins, Jose Manuel			
Profesorado	Costas Rodríguez, Marta Leao Martins, Jose Manuel			
Correo-e	leao@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Coñecementos básicos sobre as técnicas de separación e a súa aplicación na análise química. Aplicacións xerais. Materia do programa Portugués amigável. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia na(s) lingua(s) estranxeira(s), b) atender as titorías na(s) lingua(s) estranxeira(s), c) probas e avaliacións en lingua estranxeira.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado
B5	Capacidade de adaptarse a novas situacións e adoptar decisións
C6	Coñecer os fundamentos e ferramentas habituais na resolución de problemas analíticos e na caracterización de substancias químicas
C26	Levar a cabo correctamente procedementos habituais no laboratorio, incluíndo o uso de instrumentación química estándar para o traballo sintético e analítico
D1	Capacidade para resolver problemas

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Describir os principios e fundamentos generales das técnicas de separación.	A1 A4	B5		D1
Describir os fundamentos e principios da cromatografía de gases, identificar e saber seleccionar detectores en función das aplicacións analíticas.	A1 A4	B5	C6	D1
Describir os fundamentos e principios da cromatografía de líquidos, identificar e saber seleccionar detectores en función das aplicacións analíticas.	A1 A4	B5	C6	D1
Describir os fundamentos e principios da electroforesis capilar, identificar e saber seleccionar detectores en función das aplicacións analíticas.	A1 A4	B5	C6	D1
Describir os fundamentos e principios das técnicas cromatográficas acopladas a espectrometría de masas e as súas aplicacións na análise química.	A1 A4	B5	C6	D1
Aplicacións prácticas (seminarios) e de laboratorio das diferentes técnicas de separación no ámbito da análise ambiental, alimentos ou outras aplicacións.	A1 A4	B5	C6 C26	D1

Contidos

Tema	
Preparación de mostra, introducción aos métodos de separación cromatográfico.	Introdución aos métodos de separación cromatográficos. Fundamentos xerais da cromatografía (principios, clasificación segundo o tipo de fases móbiles e estacionarias). Interaccións fisicoquímicas segundo a fase móbil e a fase estacionaria. Teoría cromatográfica e parámetros cromatográficos. Aspectos cuantitativos na análise cromatográfica. Preparación da mostra para cromatografía. A extracción líquido-líquido, en fase sólida e a microextracción. Concepto de analito, matriz e interferencia. Avaliación do efecto matriz e avaliación da eficacia en termos de recuperación.

Cromatografía de gases (GC)	Cromatografía de gases (GC): Principios e fundamentos; tipo de fases móviles e estacionarias. Os principais compoñentes instrumentais dos sistemas cromatográficos. Os detectores máis comúns. Aplicacións no ámbito ambiental, alimentario, toxicolóxico, etc.
Cromatografía de líquidos (LC)	Cromatografía de líquidos (HPLC): Principios e fundamentos. Tipos de cromatografía (fase normal, fase inversa, intercambio iónico e exclusión por tamaño). Preparación das fases móviles (efecto do pH, forza iónica e fracción de disolvente orgánico). Principais compoñentes instrumentais dos sistemas cromatográficos. Detectores habituais nos sistemas cromatográficos. Aplicacións nos ámbitos ambiental, alimentario, toxicolóxico, etc.
Electroforese capilar (CE)	Introdución e principios da separación electroforética. Sistemas de separación e compoñentes instrumentais. Concepto de mobilidade electroforética e electroosmótica. Detectores máis empregados nos equipos de electroforese capilar. Aplicacións analíticas.
Espectrometría de masas (MS)	Introdución á espectrometría de masas no ámbito analítico. Fundamentos da técnica e compoñentes instrumentais. Teoría da ionización e da fragmentación. Tipos de analizadores e as súas aplicacións analíticas. Espectrometría de masas en tándem e de alta resolución. Aplicacións analíticas.
Técnicas cromatográficas avanzadas.	Técnicas cromatográficas avanzadas: Cromatografía de líquidos ultrarrápida (UHPLC), nanocromatografía (nLC), técnicas cromatográficas híbridas (GC-MS/MS, LC-MS/MS).
(*)Análisis de los datos cromatográficos	(*)Representación gráfica de una separación cromatográfica, aspectos cualitativos y cuantitativos (tiempo de retención, área y altura de pico). Cálculo de los parámetros cromatográficos. Validación de un método cromatográfico.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	24	21	45
Seminario	12	20	32
Prácticas de laboratorio	14	19	33
Obradoiro	0	22	22
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	6	6
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	10	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	As clases maxistrais, cunha duración de 50 minutos, teñen como obxectivo ofrecer unha visión global e introdutoria das técnicas de separación e da súa aplicación na análise. Os contidos abordados nestas sesións teóricas poderán complementarse con artigos científicos, vídeos, laboratorios virtuais e ferramentas de simulación, que servirán para ampliar e consolidar os coñecementos tratados na aula. A plataforma Moovi (UVIGO) empregárase como ferramenta de apoio e como medio de comunicación entre o alumnado e o profesorado.
Seminario	O obxectivo que se pretende alcanzar con esta actividade pedagóxica é asentar os coñecementos e ampliar as competencias adquiridas nas clases maxistrais. Tanto nos seminarios e talleres como nas actividades de laboratorio farase un seguimento do traballo individual e/ou colectivo que estean a realizar os estudantes. Os estudantes disporán dos medios facilitados para dita atención personalizada (tutorías presenciais ou virtuais, plataforma Moovi, Sistema Campus remoto da UVigo, correo electrónico ou outro canal de comunicación). Para iso, requírense medios informáticos (ordenadores, tablets, etc.) que permitan executar as tarefas propostas na sesión de seminarios.

Prácticas de laboratorio	As sesións de laboratorio están orientadas á aprendizaxe de diferentes técnicas cromatográficas que permitan identificar e cuantificar analitos en diversas matrices (contaminantes ambientais, alimentos, compostos de interese farmacéutico ou outras aplicacións). A través dos experimentos de laboratorio, preténdese vincular os conceptos tratados nas clases maxistras e nos seminarios coa actividade práctica desenvolvida no laboratorio. O estudantado, de forma autónoma ou en grupo, deberá planificar e executar a actividade experimental. A realización dos experimentos estará condicionada polas infraestruturas dispoñibles na Facultade de Química da Universidade de Vigo (dotación de equipamento e material do que dispón o laboratorio de prácticas). A execución das prácticas laboratoriais, ou das simulacións realizadas mediante programas axeitados, deberá ir sempre acompañada dunha boa organización e dunha análise rigorosa dos datos experimentais. Requírese o uso de medios informáticos (ordenadores, software de cálculo e redacción, táboas dixitais, etc.) que permitan o tratamento e discusión dos datos, así como a redacción dos informes correspondentes aos experimentos realizados.
Obradoiro	Estas actividades forman parte dunha proposta non presencial que complementa as clases maxistras, os seminarios e as sesións de laboratorio. O estudantado deberá desenvolver, de maneira autónoma e de forma individual ou en grupo, un traballo de investigación ou unha monografía escrita sobre temas directamente relacionados cos contidos da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Titorías individuais presenciais ou virtuais. Seguimento do progreso académico do alumnado. Resolución de dúbidas específicas sobre contidos do temario ou actividades relacionadas co desenvolvemento da materia. Orientación sobre métodos de estudo e xestión do tempo.
Seminario	Titorías grupais. Revisión conxunta de proxectos ou traballos en grupo. Aclaración de conceptos comúns detectados na clase. Orientación sobre actividades prácticas ou seminarios.
Prácticas de laboratorio	Titorías individuais ou grupais, presenciais ou virtuais, con asesoramento e apoio no desenvolvemento do traballo práctico ou de laboratorio. No caso das titorías virtuais, deberase empregar a plataforma Moovi ou o Campus Remoto da UVigo, así como o correo electrónico dirixido ao docente encargado desa actividade.
Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Formarían parte dunha actividade complementaria ás clases maxistras, seminarios e de laboratorio. O estudantado deberá resolver por si mesmo, de forma autónoma, individualmente e/ou en grupo, exercicios prácticos relacionados cos contidos da materia. Este traballo contará co seguimento individual ou colectivo por parte do docente. Sempre que o estudantado precise atención personalizada, deberá solicitar titoría presencial previamente por correo electrónico ao docente ou ben recorrer ás plataformas da UVigo para actividade docente non presencial, como o Campus Remoto ou Moovi.
Exame de preguntas de desenvolvemento	Calquera tipo de proba escrita ou oral prevista no calendario da materia será realizada segundo as normas establecidas no centro universitario. O estudantado, nos períodos previos á realización das ditas probas, poderá dispoñer de atención personalizada por parte do profesorado implicado na materia a través da actividade de titorías presenciais e/ou virtuais. Nestas probas empregase unha estratexia de avaliación baseada en preguntas, exercicios ou análise de casos prácticos. O modelo de cuestións variará en función do tipo de proba (tipo test, respostas curtas, opción múltiple, exercicio numérico, etc.).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Seminario	Realizarase un seguimento da actividade de seminarios mediante a realización de traballos que se lle encarguen ao estudantado ao longo da materia e/ou na data de realización das probas de avaliación/exame. Tamén se realizará un control de asistencia ás sesións de seminario, así como, se é o caso, a realización de entregables e/ou dunha proba escrita integrada na actividade de avaliación (proba curta e/ou exame). A cualificación mínima que se deberá acadar neste apartado de avaliación da actividade de seminario será de 4 puntos sobre unha cualificación global de 10. No caso de superar o número máximo de faltas de asistencia permitido ao longo do curso, esta actividade considerase non superada.	25	A1	C6	D1

Prácticas de laboratorio	Realizarase un seguimento do traballo individual e/ou colectivo desenvolvido no laboratorio, podendo requirirse a presentación dun informe ou a resolución das cuestións expostas no laboratorio. Nesta avaliación, o profesorado encargado da actividade de laboratorio poderá recorrer, se o considera oportuno, a unha proba escrita sobre as prácticas desenvolvidas. A asistencia e realización das prácticas de laboratorio son obrigatorias e imprescindibles para superar a materia. A cualificación mínima que se deberá acadar neste apartado será de 5 puntos sobre unha cualificación global de 10.	15	A1	C6 C26	D1
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realizarase unha proba curta, en modalidade escrita, dunha hora de duración, con data establecida no cronograma definido pola facultade. Trátase dunha proba de carácter non eliminatorio e permite ao alumnado facer o seguimento do seu estudo na materia. Os seus contidos estarán relacionados coa materia impartida nas sesións de teoría, seminario e laboratorio.	20	A1	C6	D1
Exame de preguntas de desenvolvemento	O exame (proba longa) estará constituído por contidos impartidos nas clases maxistras e por actividades desenvolvidas nos seminarios, talleres e laboratorio. O contido é responsabilidade do profesorado implicado na materia. Terá unha duración de tres horas. É requisito acadar unha cualificación mínima de 4 puntos sobre 10 na parte correspondente ás clases maxistras, así como na parte relacionada coas sesións de seminario. No caso de existir un exame escrito correspondente á compoñente de laboratorio, a cualificación mínima que se deberá acadar será de 5 puntos sobre 10.	40	A1 A4	B5 C6 C26	D1

Outros comentarios sobre a Avaliación

Dado que as actividades de formación e avaliación CONTINUA programadas dentro das prácticas de laboratorio e seminarios están deseñadas para formar ao estudiantado en habilidades e competencias directamente relacionadas co exercicio da profesión no ámbito da análise química, a asistencia e participación en ambas as actividades avaliadas son OBRIGATORIAS. A ausencia ou non realización inustificada destas actividades impedirá superar a materia; neste caso, no acta outorgarase unha cualificación de 3,0 puntos sobre 10.

Por tanto, considerando o carácter teórico-práctico da materia e os resultados de aprendizaxe que se perseguen con ambas as metodoloxías, o estudiantado que opte pola modalidade de avaliación GLOBAL final tamén deberá realizar OBRIGATORIAMENTE estas actividades. En caso de non facelo, asignaráselle igualmente unha cualificación de 3,0 puntos sobre 10.

O estudiantado que tivese realizado e asistido no curso anterior ás actividades de seminario e laboratorio non terá obriga de asistencia nestes apartados. No caso de cursos anteriores, SERÁ OBRIGATORIA a asistencia ás sesións de seminario, PERO NON ás prácticas de laboratorio.

Neste último caso, para estudantes repetidores do curso académico anterior que superasen as prácticas, manterase a cualificación obtida nese curso. Para cursos anteriores con prácticas superadas, outorgarase unha cualificación de 5,0 sobre 10 puntos.

O alumnado repetidor que desexe mellorar a cualificación deberá cursar novamente as prácticas de laboratorio.

Exame ordinario/extraordinario:

O exame, tamén denominado proba longa, estrutúrase en tres partes: teórica (**T**), correspondente á clase maxistral; teórico-práctica ou suposto práctico (**TP**); e problemas (**P**), correspondente á actividade de seminario. A duración máxima da proba será de tres horas.

A cualificación de laboratorio (**L**) ponderarase na cualificación final segundo se indica a continuación, de acordo cos descritores da guía docente de avaliación.

É OBRIGATORIO que o estudiantado acade unha cualificación mínima de 4 puntos (nunha escala de 0 a 10) en cada unha das partes avaliadas (T, TP e P), e de 5 puntos na avaliación de laboratorio (L).

Se se cumpren os requisitos mínimos, a cualificación FINAL GLOBAL calcularase mediante a seguinte ponderación:

$$\text{NOTA FINAL (A)} = 0,40 \times T + 0,25 \times TP + 0,20 \times P + 0,15 \times L$$

En caso de non cumprirse estes requisitos, a cualificación final da materia no acta corresponderá ao valor MÍNIMO obtido nunha das partes avaliadas.

ATENCIÓN: o alumnado que desexe optar pola modalidade de AVALIACIÓN GLOBAL FINAL (no continua) deberá comunicalo

e entregar un documento escrito e asinado ao profesorado responsable da materia durante as dúas primeiras semanas desde o inicio da docencia da materia correspondente.

Na presentación da materia, así como na páxina da Facultade de Química, están dispoñibles as datas das actividades de avaliación.

Moi importante: para poder SUPERAR a materia (é dicir, para poder sumar as cualificacións obtidas en cada actividade avaliable), é OBRIGATORIO acadar unha nota mínima de 4,0 (sobre 10) en cada unha das actividades avaliables mencionadas anteriormente (probos curtos, proba final, prácticas de laboratorio e seminarios).

O alumnado que NON cumpra este requisito na primeira oportunidade será cualificado no acta coa nota máis alta acadada nas partes non superadas e deberá repetir na segunda oportunidade (convocatoria de xullo) a proba correspondente á parte ou partes nas que non acadase o 4,0. Loxicamente, o alumnado que se atope nesta situación conservará a cualificación das partes superadas ($\geq 4,0$) na primeira oportunidade.

IMPORTANTE: o estudantado que non execute as actividades de avaliación de acordo cos criterios do código ético e de responsabilidade, entre outros, por exemplo mediante a copia en distintas probas de avaliación, quedará automaticamente suspenso na materia para o curso académico correspondente. Perderá automaticamente todo o proceso de avaliación e no acta outorgaráselle unha cualificación final de 1,0 punto.

IMPORTANTE: a xustificación das faltas durante o curso deberá ir acompañada do correspondente xustificante oficial. Consideraranse causas xustificadas as relacionadas coa saúde, o falecemento de familiares, a práctica de deporte profesional ou federado, así como todas aquelas recollidas no Estatuto da UVigo.

Uso da Intelixencia Artificial nesta materia

Nesta materia, permítese o uso de sistemas de IA por parte do estudantado nas seguintes tarefas/actividades: procura e síntese de fontes, apoio á redacción, xeración de exemplos de exercicios e apoio á programación.

Prohíbese o seu uso na elaboración íntegra de informes e no tratamento de resultados experimentais. Así mesmo, queda expresamente prohibido o seu uso en probas ou exames escritos e orais.

Queda expresamente prohibido o uso da IA para: a substitución total ou substancial da autoría propia do estudante, a presentación como propio de contido xerado por IA sen declaralo, a suplantación de identidade, a fabricación ou manipulación de datos, e calquera outro uso que constitúa fraude académico.

Cando o uso da IA estea permitido, o estudantado deberá declarar: a ferramenta e versión empregada, os prompts ou indicacións relevantes utilizadas, as partes da actividade nas que se empregou, e a revisión humana/crítica realizada sobre o resultado. As citas deberán indicar ferramenta, data e finalidade da consulta.

O uso da IA contrario ao establecido nesta guía docente poderá ser considerado fraude académico, conforme á normativa disciplinaria aplicable, podendo con levar a inadmisión do traballo, a solicitude de probas adicionais ou a apertura do procedemento correspondente.

Se o profesorado desta materia emprega sistemas de IA como apoio na corrección ou retroalimentación das actividades avaliables, a cualificación final basearase en todo caso nunha revisión humana efectiva e non meramente formal, mantendo o criterio profesional como elemento determinante da avaliación.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Luis María Polo Díez, **Fundamentos de la cromatografía**, 1ª Ed., Dextra Editorial S.L, 2015

A. Braithwaite and J.F. Smith,, **Chromatographic Methods**,, 1ª Ed, Springer, Dordrecht, 1999

Phillipe Schmitt Kopplin, **Capillary Electrophoresis: Methods and Protocols**, 2ª Ed, Humana Press, 2016

Bibliografía Complementaria

Chhabil Dass,, **Fundamentals of Contemporary Mass Spectrometry**,, 1ª Ed., Wiley-Interscience,, 2010

Rouessac Francis; Rouessac Annick, **Chemical Analysis: Modern Instrumentation Methods and Techniques**, ISBN 10: 1119701333 ISBN 13: 9781119701330, 1ª Ed., Wiley-Interscience,, 2024

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Química analítica III: Métodos eletroanalíticos e separacións/V11G201V01302

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Química analítica II: Métodos ópticos de análise/V11G201V01207

Química analítica I: Principios de química analítica/V11G201V01202

Outros comentarios

O estudiantado ten á súa disposición ligazóns a páxinas web de sociedades científicas e editoriais especializadas relacionadas coa Química Analítica, en particular coas técnicas de separación. A consulta destes recursos constitúe unha ferramenta de grande utilidade como apoio ao estudo, así como para a elaboración de traballos de seminario e de laboratorio.

<https://www.aoac.org/>

<https://aoaceurope.com/>

<https://secyta.es/>

<https://seqa.es/>

<https://www.euchems.eu/>

<https://www.sciencedirect.com/journal/journal-of-chromatography-a>

<https://www.sciencedirect.com/journal/journal-of-chromatography-b>

Recoméndase o uso de plataformas como YouTube, JoVE, entre outras, para facilitar a visualización e mellorar a comprensión dos contidos que se abordarán nesta materia.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Química física IV: Estrutura molecular y espectroscopia				
Materia	Química física IV: Estrutura molecular y espectroscopia			
Código	V11G201V01307			
Titulación	Grao en Química			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Química Física			
Coordinador/a	Flores Rodríguez, Jesús Ramón			
Profesorado	Flores Rodríguez, Jesús Ramón Graña Rodríguez, Ana María			
Correo-e	flores@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Aplicase o Método Mecanocuántico ao estudo de moléculas e preséntanse os fundamentos teóricos da Espectroscopia Molecular, así como diversos aspectos experimentais. Introdúcese a aproximación de Born-Oppenheimer e descríbense as superficies de enerxía potencial. Desta forma, pode abordarse o estudo das espectroscopias de rotación e vibración-rotación. Preséntanse tamén os métodos básicos para o estudo da estrutura electrónica (Orbitais Moleculares e Enlace de Valencia), o que permite analizar a estrutura electrónica de moléculas sinxelas e introducir algúns conceptos fundamentais. Dispónse así dos elementos necesarios para estudar as espectroscopias electrónicas e fotoelectrónicas, por exemplo. Introdúcense os métodos computacionais fundamentais para o estudo da estrutura electrónica, proporcionándose, deste xeito, algúns elementos básicos da denominada Química Computacional. O desenvolvemento dos métodos espectroscópicos complétase cos fundamentos teóricos das espectroscopias de resonancia magnética e outras técnicas. Presentáronse tamén, de forma sucinta, outros métodos espectroscópicos, incluíndose algúns dos derivados do uso do láser. A formulación teórica da materia descansa nos fundamentos da Mecánica Cuántica, así como no desenvolvemento de modelos para o tratamento da translación, vibración e rotación, que se realiza en Química Física III: Química Cuántica. A introdución que se proporciona na devandita materia da Teoría de Grupos aplicada á simetría molecular, complétase no primeiro tema da presente. Empréganse elementos mecano-estadísticos para analizar, por exemplo, a intensidade e a anchura/forma das liñas espectrais, e se introducen as leis de distribución de Fermi-Dirac e de Bose-Einstein. Polos seus contidos, tanto de carácter teórico como experimental, proporciona certo apoio ao desenvolvemento de Química Física V: Cinética Química.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Código	
A1	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B1	Capacidade de aprendizaxe autónomo
B2	Capacidade de organización y planificación
B4	Capacidade de análise e síntese
C2	Empregar correctamente a terminoloxía química, nomenclatura, conversións e unidades
C4	Utilizar adecuadamente ferramentas informáticas para obter información, procesar datos, realizar cálculos computacionais e calcular propiedades da materia
C14	Coñecer os principios da mecánica cuántica e a súa aplicación na descrición da estrutura e as súas propiedades de átomos e moléculas
C15	Coñecer as principais técnicas de investigación estrutural, incluíndo a espectroscopia
D1	Capacidade para resolver problemas

Resultados previstos na materia				
Resultados previstos na materia		Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Aplicar a teoría de grupos de simetría no contexto da química		A1 A5	C4	D1
Formular hamiltonianos moleculares tendo en conta a aproximación de Born-Oppenheimer e describir superficies de enerxía potencial.		A1 A5	B4 C2 C4 C14	D1

Describir los métodos OM y EV y aplicar el método OM a moléculas sencillas.	A1 A5	B1 B2 B4	C2 C4 C14	D1
Describir y aplicar numéricamente métodos de cálculo para la estructura electrónica molecular.	A1 A5	B1 B2 B4	C2 C4 C14	D1
Aplicar conceptos básicos de espectroscopia molecular.	A1 A5	B1 B2 B4	C2 C4 C14 C15	D1
Interpretar distintos tipos de espectros moleculares (microondas, infrarrojo y visible-ultravioleta) para obtener información estructural.	A1 A5	B1 B2 B4	C2 C4 C14 C15	D1
Describir los fundamentos de las espectroscopías de resonancia.	A1 A5	B1 B2 B4	C2 C4 C14 C15	D1

Contidos

Tema

Tema I. La Teoría de Grupos en Química.	1. Representacións matriciais. 2. Táboas de caracteres. Dexeneración. 3. Funcións de base. 4. Representación produto directo. 5. Anulación de integrais. 6. Combinacións lineais adaptadas a simetría e operadores de proxección. 7. Teoría de Grupos e Química Cuántica.
Tema II. Estrutura electrónica molecular I.	1. O hamiltoniano molecular: aproximación de Born-Oppenheimer. 2. Superficies de enerxía potencial. 3. A molécula-ión hidrógeno H_2^+: método de orbitais moleculares (OM). 4. A molécula de hidróxeno: método do enlace de valencia (EV). 5. Comparación dos métodos OM e EV. 6. Teorema de Hellmann-Feynman e teorema do virial aplicado a moléculas. 7. Limitacións da aproximación de Born-Oppenheimer.
Tema III. Estructura electrónica molecular II.	1. Configuracións electrónicas e termos electrónicos en moléculas diatómicas. 2. Efecto da interacción espín-órbita. 3. Densidade electrónica e polaridade dos enlaces. 4. Tratamiento OM y EV en moléculas diatómicas. 5. Moléculas poliatómicas: clasificación dos estados electrónicos. 6. Aplicación do método OM a moléculas poliatómicas sinxelas 7. Análisis da poboación electrónica. 8. Localización de orbitales moleculares. 9. Moléculas conjugadas: separación sigma-pi. Método OM del electrón libre. 10. Método OM de Hückel. 11. Deslocalización electrónica e aromaticidad. 12. Poboación dos niveis de enerxía: distribucións de Fermi-Dirac e Bose-Einstein. 13. Formación de bandas electrónicas. 14. Aplicación del método EV: tipos de hibridación. 15. Resonancia: significado químico-físico.
Tema IV. Estrutura electrónica e Química Computacional.	1. O método Hartree-Fock SCF aplicado a moléculas. 2. Funcións de base en cálculos moleculares. 3. Ecuacións de Roothaan-Hall e Pople-Nesbet. 4. Limitacións do método Hartree-Fock SCF. 5. Métodos post-Hartree-Fock. 6. Teoría do Funcional da Densidade (DFT). 7. La Relatividad en cálculos moleculares. 8. Métodos semi-empíricos.

Tema V. Interacción radiación materia e espectroscopía molecular.	1. Interacción radiación electromagnética-materia. 2. Difusión da radiación. 3. Absorción: Momentos de transición e regras de selección. 4. A lei de Lambert-Beer. 5. Anchura das liñas espectrales. 6. Efecto Raman. 7. Láser e tipos de láser. 8. Transformada de Fourier. 9. Aspectos xerais das técnicas experimentais.
Tema VI. Rotación molecular e espectroscopias de rotación.	1. O rotor ríxido poliatómico: tratamento clásico e cuántico. 2. Espectros de rotación pura. 2.1. Regras de selección, poboacións e intensidade de las líneas 2.2. Efecto Stark. 2.3. Estrutura hiperfina e momento cuadrupolar nuclear. 2.4. Moléculas con momento angular electrónico non nulo. 2.5. Desdobramento tipo I. 3. Espectroscopia de microondas (MW) e as súas aplicacións. 4. Espectros Raman de rotación. 5. Determinación da xeometría molecular a partir das constantes de rotación. 6. Estatística de espín nuclear e estados de rotación.
Tema VII. Vibración molecular e espectroscopias de vibración.	1. Vibración en moléculas diatómicas. 2. Anarmonicidade, interacción vibración-rotación e distorsión centrífuga. 3. Espectros de vibración e vibración-rotación en moléculas diatómicas. 4. Intensidade das liñas e influencia do espín nuclear. 5. A vibración en moléculas poliatómicas. 6. Espectros de vibración e vibración-rotación en moléculas poliatómicas. 7. Análise baseada na simetría: actividade IR e Raman. 8. Superficies enerxía potencial e anarmonicidade. 9. Modos normais con máis dun mínimo. 10. A vibración en sólidos.
Tema VIII. Espectros electrónicos.	1. Espectros electrónicos. 2. Moléculas diatómicas. 2.1 Regras de selección. 2.2 Principio de Franck-Condon e estrutura fina. 2.3 Disociación e predisociación. 3. Espectros electrónicos en moléculas poliatómicas. 4. Fluorescencia e fosforescencia. 5. Transicións non radiativas. 6. Espectroscopias fotoelectrónicas. 7. Moléculas ópticamente activas. 8. Técnicas láser.
Tema IX. Espectroscopias de resonancia.	1. Introducción. 2. Fundamento das espectroscopias RMN e RSE. RMN: desprazamento químico. 3. Interpretación das constantes de apantallamento. 4. Interpretación da estrutura fina. 5. RMN e procesos de intercambio nuclear. 6. RMN para estado sólido. 7. Fundamento das técnicas de pulso e relaxación de espín. 8. Espectroscopia RSE: estrutura hiperfina. 9. Espectroscopia de resonancia de cuadrípulo nuclear. 10. Espectroscopia Mössbauer.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	23	57.6	80.6
Resolución de problemas	12	26.4	38.4
Prácticas de laboratorio	14	14	28
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente
Descrición

Lección maxistral	Clases de Estudio. Exposición dos aspectos fundamentais de cada tema e formulación daqueles que se van a desenvolver nas clases de seminario mediante a realización de exercicios. Resposta ás cuestións puntuais que o alumnado expoña. Proporcionarase un amplo material de estudo para seguir as leccións mediante a plataforma Moovi (Moodle). Por iso, considérase imprescindible unha actitude activa por parte do estudante, que faga das sesións auténticas Clases de Estudio, preparación dos Seminarios, en que se resolven exercicios, algúns avaluables.
Resolución de problemas	Resolución de problemas numéricos e cuestións teóricas, así como exercicios guiados e de tipo test. Os problemas e cuestións fundamentais resolveranse por parte do profesor nos seminarios, coa participación do alumnado. Analízanse e interpretáranse os resultados. De forma voluntaria, os alumnos poderán resolver exercicios seleccionados e presentalos no seminario, con axuda do profesor e a participación dos demais alumnos. Poderán, tamén de forma voluntaria, presentar a resolución escrita dun exercicio e debatela co profesor no horario de tutoría.
Prácticas de laboratorio	Procurarase que cada alumno realice un conxunto equilibrado de experiencias que exemplifique e desenvolva os contidos fundamentais. A parte puramente experimental levarase a cabo en parellas para unha maior axilidade no seu desenvolvemento, o resto de forma individual. Proporcionarase guións completos, referencias de material bibliográfico e instrucións para o uso dos computadores, programas e equipos de ser necesario, así como relativas á seguridade no laboratorio. Cada estudante ha de elaborar, de forma individual, as gráficas e facer os cálculos necesarios para obter os resultados finais, así como analízalos e discutílos co profesor. Ao final de cada práctica, os estudantes encherán un Formulario relativo tanto os datos obtidos na parte experimental como aos cálculos realizados, declarándose tamén, posibles incidencias. Independentemente, cada alumno haberá de confeccionar, de forma individual, un Informe detallado por cada práctica realizada, en que se discuta o seu fundamento teórico e experimental, así como os resultados finais obtidos. Os Informes, que han de ser orixinais, entregaranse nun prazo adecuado tras a finalización de todas as sesións programadas para o grupo de prácticas correspondente. Orientarase ao estudante en relación coa súa elaboración, por exemplo, suxerindo puntos clave que convén abordar.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O estudante poderá expor dúbidas puntuais nas sesións así como outras máis amplas no horario de tutoría do profesor
Resolución de problemas	Discutirase cos alumnos a resolución dos exercicios propostos e analizaranse os resultados obtidos en conexión co desenvolvemento de aspectos teóricos. Orientarase a os alumnos na resolución de exercicios guiados na aula. Responderase as cuestións adicionais que os estudantes poidan expor, no horario de tutoría do profesor.
Prácticas de laboratorio	Analízanse co estudante, durante as sesións prácticas, as dúbidas ou problemas que poidan xurdir no referente ao seu fundamento teórico, ao seu desenvolvemento experimental e aos aspectos cruce dos cálculos necesarios. Abordaranse cuestións adicionais no horario de tutorías.
Probas	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	Aclararanse as dúbidas que poidan xurdir respecto da celebración das probas escritas, en particular as relativas ao seu alcance e configuración. Procurarase, no caso das probas curtas, discutir as solucións aos exercicios na seguinte clase de seminario. En horario de tutoría analizaranse co estudante, a petición súa, as respostas dadas por el/ela (revisión).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	Recuperable. Valorarase a resolución por parte do alumno de exercicios propostos e a súa presentación en clases de seminario. Realízanse tamén exercicios guiados cunha parte final avaluable ou ben exercicios de tipo test. O peso na puntuación sitúase entre os límites 0-10%.	10	A1 B1 C2 D1 A5 B2 C4 B4 C14 C15
Prácticas de laboratorio	Obrigatorias. Puntúanse pola valoración do seu desenvolvemento e resultados obtidos (10%), así como pola dos correspondentes Informes de Prácticas (10%), un por cada práctica realizada. Estes han de confeccionarse de forma individual e ser orixinais, conter táboas, gráficas e os cálculos necesarios para a obtención dos resultados finais, así como unha análise ampla dos mesmos en conexión cos aspectos teóricos e experimentais relevantes. Deben entregarse no prazo que se estableza, cargándoos na plataforma Moovi.	20	A1 B1 C2 D1 A5 B2 C4 B4 C14 C15

Exame de preguntas obxectivas	No que se refire ás probas escritas, a materia divídese en dous partes (I e II) ás que corresponde un peso relativo do 50%. Consistirán na resolución de cuestións e problemas.	35	A1 B1 C2 D1 A5 B2 C14 B4 C15
Primeira Proba Curta (Parte I). Recuperable no Exame. Terá lugar na metade do período de clases aproximadamente. Será liberatoria da materia avaliada, soamente se se alcánza ou supera a puntuación de 5 puntos sobre 10. De ser a puntuación inferior a 5 pero igual ou superior a 3.75, representará o 50% da nota da parte I, correspondendo o resto, á parte I do Exame, si iso conduce a unha cualificación máis alta; de non ser así prevalece esta última cualificación para a parte I da materia. O seu peso na nota global depende do resultado doutros apartados e sitúase entre os límites: 0-40%.			
Exame de preguntas obxectivas	Segunda Proba Curta/Exame	35	A1 B1 C2 D1 A5 B2 C14 B4 C15
Segunda Proba Curta (Parte II). Recuperable no Exame. Non é liberatoria; a cualificación ten utilidade para realizar media coa parte II do Exame, non de forma independente. Terá lugar preto do final do período de clases. Suporá, en principio, un 25% da cualificación da parte II, pero de non conducir a unha media superior, prevalecerá a nota da parte II do Exame. O seu peso na nota global depende do resultado doutros apartados e sitúase entre os límites: 0-10%. Exame. Obrigatorio. Realizarase a final do cuadrimestre, tras o período de clases (Maio o Xuño). Os estudantes que non superen a Primeira Proba Curta (non obteñan unha puntuación ≥ 5) deberán realizar todos os exercicios propostos. Aqueles que a superaron poderán realizar tamén, de forma voluntaria, os exercicios correspondentes á parte I para mellorar a súa cualificación. O seu peso na nota global depende do resultado doutros apartados e sitúase entre os límites: 26.25%-80%. A cualificación combinada das probas escritas (non se inclúen os tests nin os outros exercicios mencionados no primeiro apartado) ha de ser polo menos, 3.75 sobre 10 para que poida superarse a materia. Non pode superarse si non se realizan tanto as Prácticas de Laboratorio como o Exame. Véxanse tamén puntos segundo e terceiro do seguinte apartado en relación coa Cualificación Final e a importancia de realizar o Exame. A avaliación de segunda oportunidade descríbese no primeiro punto do seguinte apartado			

Outros comentarios sobre a Avaliación

- Na *Avaliación de Segunda Oportunidade* (Xuño/Xullo) os estudantes deberán realizar o correspondente Exame, de non facelo así mantendrán a cualificación da primeira oportunidade. A Cualificación Final na segunda oportunidade non será inferior á da primeira. As Prácticas de Laboratorio teñen un peso do 20%. Poderán tenerse en conta as puntuacións correspondentes ao apartado de Resolución de Problemas, á segunda Proba Curta e tamén a da Primeira Proba Curta (no último caso soamente si é ≥ 3.75), nas proporcións establecidas anteriormente, si iso dá lugar a unha cualificación combinada máis alta. De non ser así, a puntuación do Exame, calculada con todos os exercicios, prevalece e representa o 80% da Cualificación Final.
- Cualificación Final.
 - A cualificación combinada das probas escritas ha de ser polo menos 3.75 sobre 10 para que poida facerse media cos outros apartados da avaliación (Resolución de Problemas e Prácticas de Laboratorio). Se non é así, a Cualificación Final será a correspondente ás devanditas probas escritas, calculada segundo os criterios establecidos na sección anterior, de aí a importancia de facer o Exame. A Cualificación Final, naturalmente, ha de ser de 5 puntos sobre 10 ou superior para superar a materia. Tanto as Prácticas como o Exame son obrigatorios.
 - A realización de catro ou máis tests/exercicios guiados, ou a presentación dun ou máis exercicios en clase de seminario (apartado de Resolución de Exercicios), realización de práctica, ou de calquera das probas curtas,

fai imposible que a calificación sexa 'non presentado'.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Atkins, P.W.; de Paula, J.; Keeler, J., **Atkins Physical Chemistry**, 11th, Oxford University Press, 2018

Levine, I. N, **Physical Chemistry**, 6th, McGraw Hill, 2009

Bibliografía Complementaria

Berry, S.W.; Rice, S.A.; Ross, J., **Physical Chemistry**, 2nd, Oxford University Press, 2000

Engel, Th.; Reid, Ph., **Physical Chemistry**, 3d, Pearson, 2014

Levine, I. N, **Quantum Chemistry**, 7th, Pearson, 2014

Hollas, J.M., **Modern Spectroscopy**, 4th, Wiley, 2004

Levine, I.N., **Molecular Spectroscopy**, 1st, John Wiley & Sons, 1975

Banwell, C. N., **Fundamentals of Molecular Spectroscopy**, 4th, McGraw-Hill, 1994

Requena, A. ; Zúñiga, J., **Espectroscopía**, 1a, Pearson, 2004

Gil Criado, M.; Núñez Barriocanal, J.L., **Espectroscopía Molecular**, 1a, Garceta, 2018

Bernath, P.J., **Spectra of Atoms and Molecules**, 4th, Oxford University Press, 2020

Atkins, P. W. ; Friedman, R., **Molecular Quantum Mechanics**, 4th, Oxford University Press, 2005

Atkins, P. W., **Quanta : a handbook of concepts**, 2nd, Oxford University Press, 1991

McQuarry, D.A., **Quantum Chemistry**, 2nd, University Science Books, 2008

Pilar, F.L., **Elementary Quantum Chemistry**, 2nd, Dover, 2001

Gasser, R.P.H. Richards, W.G., **An introduction to statistical thermodynamics**, 1st, World Scientific, 1995

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Química física V: Cinética química/V11G201V01308

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Química física I: Termodinámica química/V11G201V01203

Química física II: Superficies e coloides/V11G201V01208

Química física III: Química cuántica/V11G201V01303

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Química física V: Cinética química				
Materia	Química física V: Cinética química			
Código	V11G201V01308			
Titulación	Grao en Química			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Química Física			
Coordinador/a	Fernández Nóvoa, Alejandro			
Profesorado	Fernández Nóvoa, Alejandro Losada Barreiro, Sonia			
Correo-e	afnovo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia proporciona fundamentalmente os coñecementos básicos da "Cinética Química", é dicir, da evolución temporal dos procesos químicos tanto dende o punto de vista macroscópico (cinética formal e métodos experimentais) como dende o microscópico (mecanismos de reacción e interpretación teórica da velocidade de reacción).			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B1	Capacidade de aprendizaxe autónomo
B4	Capacidade de análise e síntese
C12	Coñecer a cinética do cambio químico, incluíndo a catálise e os mecanismos de reacción
C27	Demostrar capacidade para a observación, o seguimento e a medida dos procesos químicos, mediante o seu rexistro sistemático e fiable e a presentación de informes do traballo realizado
C28	Interpretar os datos derivados das observacións e medidas do laboratorio en termos do seu significado e relacionalos coa teoría adecuada
D1	Capacidade para resolver problemas

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Aplicar a estadística de Maxwell-Boltzmann ao caso dos gases ideais e obter propiedades termodinámicas a partir de propiedades microscópicas.	A1 A5	B1 B4	C28	D1
Explicar as hipóteses, as consecuencias e os resultados fundamentais da Teoría Cinético Molecular dos gases.	A1 A5	B1 B4	C28	D1
Describir tódolos conceptos básicos en Cinética Química e ser quen de realizar un tratamento cinético formal.	A1 A3 A5	B1 B4	C12 C27 C28	D1
Ser quen de levar a cabo a análise de datos cinéticos, incluíndo os de reaccións complexas e relacionalos cos mecanismos de reacción.	A1 A3 A5	B1 B4	C12 C27 C28	D1
Describir o fundamento das distintas técnicas experimentais dispoñibles para o estudo cinético das reaccións químicas.	A1 A5	B1 B4	C12 C27 C28	D1
Describir e aplicar a Teoría de Colisións e a Teoría do Estado de Transición (na súa formulación termodinámica e mecano-estadística).	A1 A5	B1 B4	C12 C28	D1
Describir os distintos tipos de catálise e explicar o mecanismo das reaccións catalizadas.	A1 A5	B1 B4	C12 C28	D1

Contidos

Tema	
Termodinámica Estatística.	Introdución á Termodinámica Estatística. Configuracións. Función de partición molecular. Colectivo canónico. Funcións termodinámicas. Constantes de equilibrio.

Cinética Formal (I).	Importancia do aspecto cinético dos procesos químicos. Velocidade de reacción e ecuacións de velocidade. Métodos para a análise de datos cinéticos.
Cinética Formal (II).	Análise cinética de reaccións complexas. Influencia da temperatura na velocidade de reacción. Mecanismos de reacción.
Métodos Experimentais en Cinética Química.	Transformación das ecuacións de velocidade. Técnicas convencionais. Técnicas experimentais para o estudo de reaccións rápidas.
Interpretación Teórica do Cambio Químico.	Teoría Cinético-Molecular dos Gases. Teoría de colisións para reaccións bimoleculares. Teoría do estado de transición.
Catálise.	Características xerais da catálise. Catálise homoxénea. Catálise heteroxénea. Catalise enzimática.
Introducción á Cinética Electródica.	Interfase electrodo-disolución. Etapas dun proceso electródico. Celas galvánicas. Sobrepotenciais. Ecuacións de Butler-Volmer e Tafel.
Prácticas de Laboratorio.	Empregando distintas técnicas instrumentais: - Obtención de constantes de velocidade e ordes de reacción. - Estudo da influencia de distintos factores (temperatura, forza iónica, ...) na velocidade de reacción.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	24	33	57
Seminario	12	33	45
Prácticas de laboratorio	14	10	24
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	0	10	10
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	6	8
Exame de preguntas de desenvolvemento	0	6	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado dos aspectos e contidos fundamentais de cada tema, tomando como base o material dispoñible na plataforma MOOVI. Tamén formularanse problemas numéricos que axuden a comprender e asentar conceptos.
Seminario	As clases de seminario adicaranse fundamentalmente á resolución de problemas e, cando sexa necesario, afondar sobre aqueles aspectos que presenten maiores dificultades para o estudantado.
Prácticas de laboratorio	Realización baixo a supervisión do profesorado pero de maneira autónoma, de prácticas de laboratorio en sesións de 3,5 horas. Coa antelación suficiente, o alumnado disporá na plataforma MOOVI dos guións das prácticas a realizar xunto con todo o material adicional necesario. O guión presentará os elementos esenciais para realizar a práctica a nivel experimental, así como os puntos básicos do seu fundamento teórico e do tratamento dos datos. Ao finalizar as prácticas, e dentro do prazo que fixe o profesorado, será necesario entregar/expoñer o informe dunha delas, elaborado seguindo as directrices dadas polo dito profesorado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Nas titorías co profesorado resolveranse de forma individualizada e máis persoal aquelas dúbidas do estudantado que poidan xurdir ao longo do curso nas clases de seminario. O obxectivo destas titorías é contribuír a que o estudantado poida afianzar os seus coñecementos e enfrontarse en mellores condicións ás distintas actividades de avaliación.
Lección maxistral	Nas titorías co profesorado resolveranse de forma individualizada e máis persoal aquelas dúbidas do estudantado que poidan xurdir ao longo do curso nas clases de teoría. O obxectivo destas titorías é contribuír a que o estudantado poida afianzar os seus coñecementos e enfrontarse en mellores condicións ás distintas actividades de avaliación.
Prácticas de laboratorio	No horario de titorías do profesorado resolveranse de forma individualizada e máis persoal aquelas dúbidas do alumnado que poidan xurdir ó longo do curso nas clases de laboratorio.
Probas	Descrición
Exame de preguntas de desenvolvemento	No horario de titorías do profesorado resolveranse de forma individualizada e máis persoal aquelas dúbidas do alumnado que poidan xurdir ó longo do curso durante a preparación da primeira proba escrita.

Exame de preguntas de desenvolvemento	No horario de titorías do profesorado resolveranse de forma individualizada e máis persoal aquelas dúbidas do alumnado que poidan xurdir ó longo do curso durante a preparación da segunda proba escrita.
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	No horario de titorías do profesorado resolveranse de forma individualizada e máis persoal aquelas dúbidas do alumnado que poidan xurdir durante a elaboración do informe de prácticas.

Avaliación							
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe				
Prácticas de laboratorio	Puntúase aquí xunto co esforzo e a actitude, as destrezas e as competencias desenvolvidas polo alumnado durante a realización das distintas prácticas. A asistencia as sesións de prácticas é obrigatoria e, polo tanto, non é posible aprobar a materia no caso de non terse realizado.	15	A1 A3	B1	C12 C27 C28	D1	
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	Ao finalizar as prácticas, o alumnado elaborará o informe dunha das prácticas (proposta polo profesorado) que deberase presentar/expoñer coidando os aspectos formais relativos á organización, uso correcto das unidades, confección correcta das gráficas e exposición dos resultados. Valorarase tamén a análise crítica destes e a obtención de conclusións.	5	A3	B4	C12 C28		
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realizarase unha proba escrita á metade do cuatrimestre na data aprobada pola Xunta de Facultade. A dita proba versará sobre os contidos dos temas I, II e III.	40	A5	B4	C12 C28	D1	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realizarase unha proba escrita ao final do cuatrimestre na data aprobada pola Xunta de Facultade (a data coincidirá coa correspondente á da Proba Global para o estudantado da modalidade de Avaliación Global). A dita proba versará sobre os contidos dos temas IV, V, VI e VII.	40	A5	B4	C12 C28	D1	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación Continua:

- Para superar a materia é requisito imprescindible que a media das cualificacións nas probas escritas sexa igual ou superior a 4,0 sobre 10,0 puntos. No caso de non acadar dita puntuación a cualificación que se reflectirá na acta será unicamente a media das cualificacións das probas, non contabilizándose ningún dos demais apartados.
- Para superar a materia é requisito imprescindible realizar as prácticas de laboratorio, entregar (ou expoñer) o correspondente informe e obter nas mesmas unha cualificación mínima global de 5,0 sobre 10 puntos (75% traballo de laboratorio, 25% informe). No caso de non acadar dita puntuación a cualificación que se reflectirá na acta non poderá superar 4,0 puntos.
- A asistencia as sesións de prácticas é obrigatoria e, polo tanto, non é posible aprobar a materia no caso de non terse realizado.
- Para superar a materia é requisito imprescindible obter unha cualificación igual ou superior a 5,0 puntos sobre 10 na cualificación global da mesma (15% prácticas de laboratorio, 5% informes de prácticas, 80% probas escritas).
- A participación activa nas clases, tanto de teoría como de seminario, poderá supor unha puntuación adicional dun máximo de 0,5 puntos sobre 10,0 puntos.

Avaliación Global:

O alumnado que, dentro do prazo fixado pola Facultade, opte pola modalidade de Avaliación Global, realizará unha Proba Escrita Global na data fixada pola Xunta de Facultade. Esta proba escrita global suporá o 80% da cualificación da materia.

Nesta avaliación global as Prácticas de Laboratorio constituirán o 15% da cualificación da materia e un 5% o correspondente informe.

- Para superar a materia é requisito imprescindible obter na proba escrita global unha cualificación igual ou superior a 4,0 sobre 10,0 puntos. No caso de non acadar dita puntuación a cualificación que se reflectirá na acta será unicamente a cualificación da proba global, non contabilizándose ningún dos demais apartados.

- Para superar a materia é requisito imprescindible realizar as prácticas de laboratorio e obter nas mesmas unha

cualificación mínima global de 5,0 sobre 10 puntos (75% traballo de laboratorio, 25% informe). No caso de non acadar dita puntuación a cualificación que se reflectirá na acta non poderá superar 4,0 puntos.

- Para superar a materia e requisito imprescindible obter unha cualificación igual ou superior a 5,0 puntos sobre 10 puntos na cualificación global da mesma (80% proba global, 15% prácticas de laboratorio e 5% informe).

Condición de presentad@/non presentad@:

A participación do alumnado nalgunha das probas escritas ou a asistencia a dúas ou máis sesións de laboratorio implicará a condición de "presentado/a" e, polo tanto, a asignación dunha cualificación.

Segunda Oportunidade:

Tanto no caso da "*Avaliación Continua*" como no caso da "*Avaliación Global*", para a avaliación da segunda oportunidade, manteranse as cualificacións das prácticas de laboratorio e do correspondente informe.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Atkins, P. W.; De Paula, J., "**Química Física**", 9789500612487, 8ª Ed., Edifitorial Médica Panamericana, 2008

Engel, T.; Reid, P., "**Química Física**", 9788478290772, 1ª Ed., Ed. Pearson, Adison Wesley, 2006

Levine, I. N., "**Principios de Físicoquímica**", 9786071509888, 6ª Ed., Ed. Mc Graw-Hill Education, 2014

LOGAN, S. R., "**Fundamentos de Cinética Química**", 8478290303, 1ª Ed., Ed. Addison Wesley Iberoamericana, 2000

Bibliografía Complementaria

Laidler, K. J., "**Chemical Kinetics**", 0060438622, 3ª Ed., Ed. Harper & Row Publishers, 1987

Levine, I. N., "**Problemas de Físicoquímica**", 9788448198336, 1ª Ed., Ed. McGraw-Hill Interamericana, 2005

Metz, C.R., "**Físicoquímica. Problemas y Soluciones**", 9586000702, 2ª Ed., Ed. McGraw-Hill Interamericana, 1991

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Química física I: Termodinámica química/V11G201V01203

Química física II: Superficies e coloides/V11G201V01208

Matemáticas: Matemáticas II/V11G201V01108

Química física III: Química cuántica/V11G201V01303

Física: Física II/V11G201V01107

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Química inorgánica IV: Metais de transición e estado sólido				
Materia	Química inorgánica IV: Metais de transición e estado sólido			
Código	V11G201V01309			
Titulación	Grao en Química			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Química inorgánica			
Coordinador/a	García Fontán, María Soledad			
Profesorado	Carballo Rial, Rosa García Fontán, María Soledad Martínez Estévez, Mónica			
Correo-e	sgarcia@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A primeira parte da materia céntrase no estudo estrutural e na relación estrutura/propiedades dos sólidos inorgánicos. Na segunda parte da materia abórdanse os aspectos máis relevantes da Química dos Metais de transición e os seus derivados como son os compostos de coordinación. No laboratorio realizaranse experiencias de sínteses e caracterización de compostos de coordinación e de sólidos inorgánicos			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B1	Capacidade de aprendizaxe autónomo
B3	Capacidade de xestión da información
B4	Capacidade de análise e síntese
C8	Coñecer as propiedades características dos elementos e os seus compostos, incluíndo as relacións entre grupos e as súas variacións na táboa periódica
C9	Coñecer os aspectos estruturais dos elementos químicos e os seus compostos, incluíndo a estereoquímica
C26	Levar a cabo correctamente procedementos habituais no laboratorio, incluíndo o uso de instrumentación química estándar para o traballo sintético e analítico
D2	Capacidade para traballar en equipo

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Recoñecer e predecir os principais tipos estruturais de sólidos e as súas implicacións nas propiedades físicas e químicas	A2	B1	C8	
	A3	B3		
		B4		
Enumerar y reconocer os tipos de defectos en cristais e o seu efecto sobre as propiedades do sólido.	A2		C9	
Identificar os compostos non estequiométricos	A2		C9	
Recoñecer o efecto da adición de impurezas sobre a cor e as propiedades ópticas de algúns sólidos inorgánicos.	A3	B3	C9	
Identificar os principais métodos de preparación de sólidos inorgánicos.	A3		C8	
Describir cómo se poden obter os metais de transición a partir dos seus recursos naturais e diferenciar o comportamento entre os elementos da primeira, segunda e terceira serie de transición.	A2	B3	C8	
	A3	B4	C9	
Predecir a reactividade dos óxidos e haluros metálicos e dos compostos de coordinación baseándose no enlace e no estado de oxidación do metal.	A2	B3	C8	
	A3	B4	C9	
Racionalizar a estabilidade termodinámica dos compostos de coordinación en función do estado de oxidación do metal y do tipo de ligando.	A2	B3	C8	
	A3	B4	C9	
Levar a cabo no laboratorio a preparación, caracterización e estudo dalgúns propiedades físicas e químicas dos principais tipos estruturais de sólidos así como de outros derivados dos metais de transición.	A2	B3	C8	D2
	A3	B4	C9	
			C26	

Contidos	
Tema	
Tema 1. Introducción e fundamentos.	Importancia tecnolóxica dos sólidos . Clasificación de sólidos. Formulación de sólidos inorgánicos incorporando información estrutural. Polimorfismo, pseudomorfismo, politipismo
Tema 2. Racionalización estrutural	Empaquetamento de esferas. Representacións poliédricas Regras de Pauling. Regra da conectividade
Tema 3. Estrutura dos sólidos	Principais tipos estruturais e a súa implicación na xeración de propiedades útiles dos sólidos
Tema 4. Cristais perfectos e imperfectos e as súas propiedades	Tipos de defectos Defectos puntuais. Consecuencias da presenza de defectos nas propiedades dos sólidos. Condutividade. Propiedades ópticas.
Tema 5. Métodos de preparación de sólidos	Método cerámico. Química branda. Síntese en altas presión. Formación de sólidos a partir de gases e de líquidos.
Tema 6: Química dos metais dos grupos 3 e 4.	Obtención e usos. Estados de oxidación máis frecuentes. Compostos representativos do titanio: haloxenuros, óxidos e óxidos mixtos. Compostos de coordinación.
Tema 7: Química dos metais do grupo 5.	Obtención e usos. Estados de oxidación máis frecuentes. Compostos representativos do vanadio: haloxenuros, óxidos e oxoanións. Compostos de coordinación.
Tema 8: Química dos metais do grupo 6.	Obtención e usos. Estados de oxidación máis frecuentes. Compostos representativos do cromo: haloxenuros, óxidos e oxoanións. Compostos de coordinación.
Tema 9: Química dos metais do grupo 7.	Obtención e usos. Estados de oxidación máis frecuentes. Compostos representativos do manganeso: haloxenuros, óxidos e oxoanións. Compostos de coordinación. Bioinorgánica do manganeso e tecnecio
Tema 10: Química dos metais do grupo 8.	Obtención e usos. Estados de oxidación máis frecuentes. Compostos representativos do ferro: óxidos e óxidos mixtos. Compostos de coordinación. Bioinorgánica do ferro.
Tema 11: Química dos metais do grupo 9.	Obtención e usos. Estados de oxidación máis frecuentes. Compostos representativos do cobalto: haloxenuros e óxidos. Compostos de coordinación. Bioinorgánica do cobalto.
Tema 12: Química dos metais do grupo 10.	Obtención e usos. Estados de oxidación máis frecuentes. Compostos representativos do níquel: haloxenuros e óxidos e compostos de coordinación. Bioinorgánica do platino.
Tema 13: Química dos metais do grupo 11.	Obtención e usos. Estados de oxidación máis frecuentes. Compostos representativos do cobre: haloxenuros e óxidos e compostos de coordinación. Bioinorgánica do cobre e ouro.
Prácticas de Química dos compostos de metais de transición (4 sesións)	Preparación e caracterización de compostos de metais do bloque d
Prácticas de sólidos inorgánicos (4 sesións)	Preparación e estudo das propiedades dalgúns sólidos inorgánicos.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	24	31	55
Prácticas de laboratorio	28	14	42
Seminario	12	12	24
Exame de preguntas obxectivas	2	9	11
Exame de preguntas obxectivas	0	18	18

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	As clases teóricas adicaránse a presentar os aspectos fundamentais dos temas.
Prácticas de laboratorio	Realizaranse prácticas de laboratorio nas que se aplicarán os coñecementos teóricos adquiridos. As prácticas realizaranse en 8 sesións de 3,5 horas e os alumnos deberán reflectir e interpretar o observado no correspondente caderno de laboratorio.
Seminario	As clases de seminario adicaránse á resolución de casos prácticos relacionados coa materia así como á resolución de dúbidas ou cuestións que surxan no desenvolvemento de cada tema. Contemplase tamén realizar seminarios nos que se abordarán aspectos non impartidos en materias anteriores pero necesarios para a marcha do curso.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Durante todo o período docente os/as estudantes poderán consultar todo tipo de dúbidas da materia en horario de tutorías ou previa cita.
Prácticas de laboratorio	Durante todo o período docente os/as estudantes poderán consultar todo tipo de dúbidas da materia en horario de tutorías ou previa cita
Seminario	Durante todo o período docente os/as estudantes poderán consultar todo tipo de dúbidas da materia en horario de tutorías ou previa cita.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas de laboratorio	A asistencia ás clases prácticas presenciais é obrigatoria. A avaliación nas prácticas de laboratorio constará dun 10% de resolución de cuestións sinxelas e un 5% baseado no comportamento e destreza por observación directa do/a profesor/a. A puntuación soamente será considerada si na proba longa conséguese unha cualificación igual ou superior a 3 puntos sobre 10.	15	A2 B3 C8 D2 A3 B4 C9 C26
Seminario	Nas sesións de seminario pediráselles aos/*as estudantes a resolución de cuestións sinxelas que deberán entregar nese momento e que servirán para a súa avaliación. A puntuación soamente será considerada si na proba longa conséguese unha cualificación igual ou superior a 3 puntos sobre 10.	15	B1 C8 B3 C9 B4
Exame de preguntas obxectivas	Haberá dúas probas curtas no cuadrimestre onde se avaliarán as competencias relacionadas cos temas. A puntuación soamente será considerada na proba longa si conséguese unha cualificación igual ou superior a 3 puntos sobre 10. A data e hora de realización é público e consta na programación académica aprobada na Xunta de Facultade correspondente.	30	B3 C8 B4 C9
Exame de preguntas obxectivas	Haberá unha proba final na que se fará unha avaliación global da materia. A puntuación da proba soamente será considerada si conséguese na proba de formulación un "Apto". A data e hora de realización é público e consta na programación académica aprobada na Xunta de Facultade correspondente.	40	B3 C8 B4 C9

Outros comentarios sobre a Avaliación

En caso de dúbida acerca da adquisición de resultados de aprendizaxe por parte do alumnado, poderanse realizar probas orais adicionais de avaliación en calquera momento antes do peche das actas.

Avaliación continua: - A asistencia ás clases teóricas e seminarios terase en conta no proceso de avaliación.- O estudante ten que obrigatoriamente asistir a todas as clases prácticas de laboratorio.- O profesor/a debea dispor en tempo e forma dun mínimo 80% dos entregables propostos nas distintas actividades presenciais (exercicios en clases teóricas e seminarios ou exercicios de traballo autónomo) ao final do curso.- É tamén obrigatorio que o estudante preséntese a todas as probas escritas planificadas.

Desarrollo para optar á avaliación continua:- As competencias específicas da materia relacionadas coas competencias da titulación (CE8, CE9 e CE26) avaliaranse de forma explícita en exercicios na aula e probas escritas. As competencias básicas, xerais e transversais serán avaliadas de forma implícita na cualificación dos exercicios.-Sera necesario obter na proba de formulación un "Apto" para superar a materia.- Será necesario unha puntuación superior ou igual ao 30% do valor total en cada unha das probas escritas (curtas e final) e na suma total das cualificacións dos entregables así como dun 50% das prácticas de laboratorio para que na cualificación final téñase en conta o resto dos elementos de avaliación (entregables e probas curtas). - Superar a proba oral no caso de ser necesaria.No caso de non conseguir algún dos mínimos, no acta figurará o resultado ponderado das probas e exercicios cualificados nos que se conseguiu o criterio.

2ª Convocatoria

- Os alumnos/as que non superen a materia ao final do cuadrimestre deberán facer unha proba escrita no período de peche de avaliación definitivo no mes de xullo. Devandita proba terá un valor do 40% da nota e

substituirá os resultados da proba do final de cuatrimestre. A cualificación dos entregables (das actividades presenciais) e probas curtas non son recuperables.- A cualificación final das/ os estudantes, de ser superior a 7 puntos sobre 10, poderá ser normalizada de forma que a cualificación máis alta podra ser até 10 puntos. No caso de non cumprir os requisitos para avaliación continua ou ben escolla a avaliación global, o/a estudante poderá presentarse a unha avaliación global ao final do cuatrimestre onde deberá resolver cuestións relacionadas con todas as competencias específicas da materia (incluída a CE26). En cada pregunta ou cuestión, identificarase a competencia que se está avaliando. Esta proba será diferente en extensión á realizada por aqueles que opten pola avaliación continua. Nese caso:- Será necesario obter un mínimo de 3 puntos sobre 10 de media na avaliación das competencias CE8 e CE9 e de 5 na competencia CE26 para superar a materia.- Será necesario obter na proba de formulación un "Apto" para superar a materia.- Será necesario obter unha cualificación global igual ou superior a 5 sobre 10 nesta proba para superar a materia e en ningún caso terase en conta as cualificacións anteriores obtidas durante o cuatrimestre.- Superar a proba oral no caso de ser necesaria.A cualificación final obterase tendo en conta:

- 80% da nota obtida nas competencias CE8 e CE9.
- 20% da nota obtida na competencia CE26.

- A cualificación non se verá afectada pola normalización aplicada de ser superior a 7 puntos.- O estudante ten que obrigatoriamente asistir a todas as clases teóricas e seminarios. - O estudante ten que obrigatoriamente asistir a todas as clases prácticas de laboratorio.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

A. R. West, **Solid State Chemistry and its applications**, 2, Wiley, 2014

L. Smart, E. Moore, **Solid State Chemistry. An introduction**, CRC, 2012

C. E. Housecroft y A. G. Sharpe., **Inorganic Chemistry**, 5, Pearson, 2018

Bibliografía Complementaria

Winter, Mark J., **D-block chemistry, 1994**, Oxford University Press, 1994

Atkins, Peter, **Inorganic Chemistry**, Willey-VCH, 2008

N.N. GREENWOOD , A. EARNSHAW, **Chemistry of the Elements**, 2, Butterwoth Heinemann, 1997

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Química inorgánica I/V11G201V01204

Química inorgánica II/V11G201V01209

Determinación estrutural/V11G201V01206

Química inorgánica III: Química de coordinación/V11G201V01304

Outros comentarios

Materias que continúan o temario:

Química de materiais.

Química Organometálica

DATOS IDENTIFICATIVOS**Química orgánica IV: Diseño da síntese orgánica**

Materia	Química orgánica IV: Diseño da síntese orgánica			
Código	V11G201V01310			
Titulación	Grao en Química			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán			
Departamento	Dpto. Externo Química orgánica			
Coordinador/a	Álvarez Rodríguez, Rosana			
Profesorado	Álvarez Rodríguez, Rosana Martínez Fernández, Claudio Novegil Estévez, Diego Souto Salgado, José Antonio Vaz Araújo, Belén			
Correo-e	rar@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Nesta materia integraranse todos os coñecementos previos sobre materias de Química Orgánica, en particular no que se refire á síntese orgánica e as súas consecuencias na creación de novos elementos. estereoxénico. Para iso, faranse uso das ferramentas de análise retrosintética, con especial atención á análise de propostas sintéticas que pasan con selectividade (quimio, rexio e estereoselectividade).			
	Programa English Friendly: Os estudantes estranxeiros poderán solicitar ao profesorado: a) material e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) asistir a titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B3	Capacidade de xestión da información
B4	Capacidade de análise e síntese
C15	Coñecer as principais técnicas de investigación estrutural, incluíndo a espectroscopia
C19	Coñecer as principais rutas de síntese na química orgánica, incluíndo as interconversións de grupos funcionais e a formación dos enlaces carbono-carbono e carbono-heteroátomo
C27	Demostrar capacidade para a observación, o seguimento e a medida dos procesos químicos, mediante o seu rexistro sistemático e fiable e a presentación de informes do traballo realizado
C28	Interpretar os datos derivados das observacións e medidas do laboratorio en termos do seu significado e relacionalos coa teoría adecuada
D2	Capacidade para traballar en equipo

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Recoñecer os elementos estruturais nas moléculas orgánicas	A3	B3	C19
	A5	B4	C28
Propoñer as secuencias retrosintéticas das moléculas propostas	A3	B3	C19
	A5	B4	C28
Analizar propostas resintéticas alternativas	A3	B3	C19
	A5	B4	C28
Diseño de secuencias sintéticas de moléculas obxectivo que transcurran con selectividade	A3	B3	C19
	A5	B4	C28
Valorar o emprego de transformacións eficientes de simplificación estrutural	A3	B3	C19
	A5	B4	C28
Manexar as interconversións entre grupos funcionais e os grupos protectores	A3	B3	C19
	A5	B4	C28

Coñecer as reaccións que teñan lugar con selectividade e os seus mecanismos	A3 A5	B3 B4	C19 C28	
Aplicar no laboratorio, de xeito riguroso, as normas de seguridade e hixiene, así coma o tratamento axeitado dos residuos	A3		C15 C27 C28	D2
Recoller na libreta de laboratorio, co xeito correcto e rigurosidade, os experimentos feitos		B4	C27 C28	
Realizar a síntese dunha molécula orgánica empregando unha síntese selectiva e por etapas	A3 A5	B3 B4	C15 C27 C28	D2

Contidos

Tema	
1. Deseño da síntese orgánica. Análise retrosintético.	1.1. Síntese orientada a obxectivos 1.2. Os principios da análise retrosintética 1.3. Criterios de selección de enlaces estratéxicos 1.4. Principios xerais de reactividade. Polaridade natural y no natural 1.5. Selectividade. Conceptos básicos 1.6. Estratexias retrosintéticas
2. Estratexia baseada nas transformas I. Criterios de selección de desconexións	2.1.. Desconexións C-X de compostos monofuncionais 2.2. Desconexións C-X de compostos difuncionais (1, n) 2.3. Desconexións C-C de compostos monofuncionais 2.4. Desconexións C-C de compostos difuncionais (1, n) 2.5. Desconexións de compostos aromáticos
3. Estratexia baseada nos grupos funcionais I. Interconversión	3.1. Interconversión de grupos funcionais. Niveis de oxidación 3.2. Reaccións de interconversión do grupo funcional 3.3. Reaccións de oxidación 3.4. Reaccións de redución
4. Estratexia baseada nos grupos funcionais II. Grupos protectores na síntese orgánica	4.1. Descrición dos grupos protectores. 4.2. Sensible ao medio ácido, axentes básicos, fluoruros, oxidantes e axentes redutores. 4.3. Selección de grupos protectores
5. Estratexia baseada nas transformas II. Desconexión de compostos insaturados	5.1. Síntese estereoselectiva de olefinas. Desconexións Csp ² =Csp ² . 5.2. Reaccións catalizadas polo paladio. Desconexións Desconexións Csp ² -Csp ² , Csp ² -Csp, Csp-Ar y Ar-X (X = O, N).
6. Estratexia baseada na estereoquímica	6.1. Descrición da estereoquímica. Quiralidade e descritores. Topicidade 6.2. Estereoquímica nas reaccións químicas. Selectividade de produto. Diastereoselectividade sinxela e inducida.
7. Estratexias baseada na topoloxía molecular. Desconexión de compostos cíclicos	7.1. Análise retrosintética mediante estratexias topolóxicas 7.2. Retrosíntese de aneis aillados 7.3. Retrosíntese de aneis espiro 7.4. Retrosíntese de aneis fusionados 7.5. Retrosíntese de aneis mais complexos
O desafío sintético do deseño e descubrimento de compostos orgánicos con aplicacións terapéuticas.	4 sesións

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	24	24	48
Seminario	24	24	48
Prácticas de laboratorio	14	16	30
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	10	11
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	12	13

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	O material da materia atoparase na plataforma Moovi O profesorado expoñerá, de maneira clara, os aspectos mais importantes da materia de cada sesión maxistral.

Seminario	Os aspectos comentados durante as sesións maxistrais, traballaranse resolvendo problemas e exercicios formulados polos profesores.
-----------	--

Prácticas de laboratorio O traballo de laboratorio desenvolverase en 4 sesións de 3,5 horas.

Durante a execución da síntese deberán escribir, con rigurosidade e claridade, o caderno de laboratorio, que entregárase ao final das prácticas e as cuestións plantexadas polo supervisor.

Ademais, os alumnos farán un cuestionario empregando a plataforma Moovi, sobre unha serie de preguntas sobre o traballo experimental feito.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O profesorado dedicará o tempo necesario para responder ás preguntas dos alumnos relacionado ca materia
Seminario	O profesorado dedicará o tempo necesario para responder ás preguntas dos estudantes sobre os exercicios e problemas resoltos nas sesións do seminario, así como os propostos na Plataforma Moovi
Prácticas de laboratorio	O profesorado dedicará o tempo necesario para responder ás preguntas dos alumnos relacionado co desenrolo da síntese da molécula obxectivo que se fará no laboratorio. Durante as sesións de laboratorio, o profesorado supervisará o desenvolvemento dos experimentos propostos polos estudantes así como o cumprimento das medidas de seguridade e hixiene.
Probas	Descrición
Exame de preguntas de desenvolvemento	
Exame de preguntas de desenvolvemento	

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas de laboratorio	Resultado da aprendizaxe: todos 1. É obrigatorio realizar as prácticas de laboratorio, así coma seguir as normas de hixiene e seguridade no laboratorio e a recollida de residuos para obter a condición de APTO. 2. Ademais, valorarase: 2.1. O caderno de laboratorio (20% da nota de prácticas), análise estrutural da molécula obxectivo (25% da nota de prácticas), fichas de riesgos (10% da nota de prácticas) e resolución das cuestións plantexadas así coma o uso da nomenclatura IUPAC (15% da nota de prácticas) 2.2. Resolución dunha serie de preguntas sobre o traballo experimental, feito no laboratorio. Realizarase a través da plataforma Moovi (10%) 3. E necesario obter a condición de APTO en cada una de las partes.	30	A3 B3 C15 D2 A5 B4 C19 C27 C28

Exame de preguntas de desenvolvemento	Resultado da aprendizaxe (todos):	30	A3 B3 C15 D2 A5 B4 C19 C27 C28
	- Recoñecer elementos estruturais en moléculas orgánicas. - Propoñer secuencias retrosintéticas das moléculas propostas - Analizar propostas retrosintéticas alternativas. - Deseñar secuencias sintéticas de moléculas obxectivo que trascorren con selectividade. - Avaliar o uso de transformacións de simplificación estrutural eficientes. - Xestionar correctamente as interconversións entre grupos funcionais e os grupos protectores. - Coñecer as reaccións que poden proporcionar selectividade e os seus mecanismos		
	Realizaranse ao longo da materia dúas probas cortas (1h de duración; 15% cada unha).		
	Para aprobar a materia, os estudantes deben obter un mínimo do 50% en todas as probas escritas (proba de resposta curta e resposta longa). A calificación das probas escritas soamente tendranse en conta para alcanzar o mínimo do 50%, cando a puntuación das probas escritas sea igual ou superior a 4.		
Exame de preguntas de desenvolvemento	Resultado da aprendizaxe (todos):	40	A3 B3 C15 D2 A5 B4 C19 C27 C28
	- Recoñecer elementos estruturais en moléculas orgánicas. - Propoñer secuencias retrosintéticas das moléculas propostas - Analizar propostas retrosintéticas alternativas. - Deseñar secuencias sintéticas de moléculas obxectivo que trascorren con selectividade. - Avaliar o uso de transformacións de simplificación estrutural eficientes. - Xestionar correctamente as interconversións entre grupos funcionais e os grupos protectores. - Coñecer as reaccións que poden proporcionar selectividade e os seus mecanismos		
	Unha proba escrita larga (2h de duración; 40%)		
	Para aprobar a materia, os estudantes deben obter un mínimo do 50% en todas as probas escritas (proba de resposta curta e resposta longa). A calificación das probas escritas soamente tendranse en conta para alcanzar o mínimo do 50%, cando a puntuación das probas escritas sea igual ou superior a 4.		

Outros comentarios sobre a Avaliación

